

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 29 de decembro de 2017

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D. David Regades Fernández
M^a José Caride Estévez
D. Cayetano Rodríguez Escudero.
D. Angel Rivas González.
D. Jaime Aneiros Pereira.

NON ASISTEN:

D^a M^a. Carmen Silva Rego
D. Carlos López Font
D^a. Olga Alonso Suárez
D^a. M^a. Isaura Abelairas Rodríguez

Invitados

D. Javier Pardo Espiñeira
D^a. Angeles Marra Domínguez

Na Casa do Concello de Vigo, ás dez horas e quince minutos do día vinte e nove de decembro de dous mil dezasete e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretario o concelleiro Sr. Rodríguez Escudero, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, e o interventor xeral, Sr. Escariz Couso.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(1411).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

2(1412).- PROXECTO DE CONVENIO DE DESENVOLVEMENTO DOS CONVENIOS SUBSCRITOS PARA A IMPLANTACIÓN DO PARQUE TECNOLÓXICO E LOXÍSTICO DE VIGO. EXPTE. 45/142

Visto o informe xurídico do 22/12/17 e o informe de fiscalización asinado en data 26/12/17, dáse conta do informe-proposta do 22/12/17, do tesoureiro, responsable superior contable e Orzamentario, conformado polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

“Normativa aplicable ao procedemento

Lei 58/2003, de 17 decembro, Xeral Tributaria (LGT).

Real Decreto 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación (RGR).

Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LBRL).

Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público(LRXSP).

Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALGA).

Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

Ordenanza Fiscal Xeral do Concello de Vigo.

Antecedentes

Convenio de Colaboración entre o Concello de Vigo e o Consorcio da Zona Franca para o desenvolvemento do Parque Tecnolóxico-Central de Intercambio de Mercadorías, de 2 de decembro de 1997.

Convenio de Colaboración entre o Concello de Vigo e o Consorcio da Zona Franca para a ampliación do Parque Tecnolóxico e Loxístico de Vigo, de 17 de decembro de 2007, ratificado o 7 de agosto de 2008.

Ambas entidades teñen capacidade para asinar convenios, así o artigo 47 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, regula os Convenios interadministrativos que poderán incluír a utilización de medios, servizos e recursos doutra Administración Pública, organismo público ou entidade de dereito público vinculado ou dependente, para o exercicio de competencias propias ou delegadas.

O artigo 57 da LBRL, establece que a cooperación económica, técnica e administrativa entre a Administración Local e as Administracións do Estado e das Comunidades Autónomas, tanto en servizos locais como en asuntos de interese común, desenvolverase con carácter voluntario, baixo as formas e nos termos previstos nas leis, podendo ter lugar, en todo caso, mediante os consorcios ou convenios administrativos que subscriban.

Compensación

O RGR recolle, no seu artigo 55, a definición de débedas compensables. *As débedas de natureza pública a favor da Facenda pública, tanto en período voluntario como en executivo, poderán extinguirse total ou parcialmente por compensación cos créditos recoñecidos por aquela a favor do debedor en virtude dun acto administrativo».*

A compensación é unha das formas de extinción das débedas tributarias. Así, conforme ao precepto anterior, os obrigados tributarios poderán extinguir as débedas tributarias solicitando a compensación con créditos recoñecidos por acto administrativo ao seu favor.

Compensación de débedas con Entidades de Dereito Público.

O artigo 74 da LGT e 57 do RGR, regulan o procedemento, podendo compensarse con cantidades que a Administración do Estado deba transferir ás devanditas entidades, aplicando en cada caso a lexislación específica.

A Ordenanza Fiscal Xeral do Concello de Vigo e a regulación da compensación

O artigo 48 da Ordenanza Fiscal do Concello de Vigo regula con carácter xeral a compensación. Poderán Ser obxecto de compensación, as débedas vencidas, liquidadas e esixibles que o Estado, as Comunidades Autónomas, entidades locais e outras entidades de dereito público teñan co Concello de Vigo, as cales poderán extinguirse mediante dedución das cantidades que a Administración do Estado, ou das Comunidades Autónomas, deban transferir ás referidas entidades debedora.

Desenvolvemento

A cláusula Décima do documento asinado (17/12/2017), establece que: *“Os impostos, taxas e prezos públicos municipais que se orixinen a cargo do Consorcio como consecuencia da actuación, por razón dos terreos, pola xestión urbanística ou polos terreos edificables resultantes, así como polos proxectos e obras de execución da urbanización e de instalacións e construción de equipamento comunitario afectos a servizos de interese público e social realizados directamente polo Consorcio conforme as determinacións o previsións establecidas no Plan Parcial de Ordenación, serán obxecto de liquidación conforme ás Ordenanzas Fiscais.*

O Concello outorgará anualmente unha subvención nominativa, nos seus orzamentos a favor do Consorcio, por contía igual ó importe do que se prevea como dereitos devengados, durante o exercicio, polos ingresos de dereito público mencionados no parágrafo anterior. Si ao finalizar o exercicio a subvención fose inferior aos ingresos contraídos nas contas polos devanditos conceptos, a diferenza incrementará a subvención do exercicio seguinte.

As débedas polos conceptos sinalados no parágrafo primeiro desta estipulación se extinguirán mediante a correspondente compensación, aplicada de oficio polo Concello.

Non serán obxecto de compensación as que se orixinen polo Imposto sobre o Incremento de Valor dos Terreos de Natureza Urbana con motivo da transmisión de terreos a terceiros.

Serán obxecto da compensación mencionada no parágrafo segundo desta Estipulación, o Imposto sobre Bens Inmóbeis orixinado polos terreos mentres estes sexan propiedade do Consorcio e sempre que sobre os mesmos non se execute ningún tipo de edificación, momento a partir do que (referido a obtención de Licencia de Obras) deixará de efectuarse a compensación e o Consorcio ingresará a cuota correspondente do imposto.

O texto do documento na súa cláusula Décima, non especifica nin o tempo nin o canto dos posibles compromisos, polo que, non estamos ante un convenio do que se deriven obrigas para as partes, estamos ante un Convenio-Acordo Marco de colaboración, que non está a seguir a estrutura nin o clausulado mínimo que regulamentaba o artigo 6 da LRXPAC (Lei 30/1992), hoxe arts. 47 e seguintes da Lei 40/2015 e da LALGA, onde podemos destacar a ausencia de cuantificación do financiamento e o prazo de cumprimento dos compromisos, elementos ambos esenciais de todo acto ou negocio xurídico do que se derivan obrigas para as partes.

Se o documento asinado fose xerador de obrigas para o Concello, non cabería a priori, facer unha avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria nin da regra de gasto. No caso que nos ocupa, no tempo da sinatura do documento marco, non estaba vixente a regulación que afecta ao cumprimento destes dous obxectivos (Lei

Orgánica 2/2012); no entanto, do que non hai dúbida, é que os compromisos con cargo aos orzamentos públicos teñen que estar cuantificados no acto e documento en que os mesmos son formalizados, é dicir, a contraprestación económica ten que estar determinada ou determinable, condición que non concurría en aquel acto.

A ausencia dunha cuantificación e da súa anualización, elementos esenciais do convenio, non xerou obrigas nin as puido xerar, en consecuencia, dito documento non foi obxecto de fiscalización e, da súa aprobación, non se deducían obrigas con cargo ao Orzamento Municipal, polo tanto a súa aprobación tampouco foi sometida á Xunta de Goberno Local.

En relación ao prazo e o seu tratamento como gastos plurianuais

O artigo 174 do TRLRFL, regula os gastos plurianuais. A autorización ou realización dos gastos de carácter plurianual subordinarase ao crédito que para cada exercicio autoricen os respectivos orzamentos.

Poderán adquirirse compromisos por gastos que haia de estenderse a exercicios posteriores a aquel en que se autoricen, sempre que a súa execución iníciase no propio exercicio.

Coa excepción dos arrendamentos de bens inmobles e as cargas financeiras das débedas da entidade local e dos seus organismos autónomos, o precitado artigo, non seu apartado 3, establece un prazo para estes gastos non superior a 4 anos. O apartado 4, establece a posibilidade de que o órgano competente, poida establecer outro prazo máis amplo.

Ao teor do contido do artigo 174 do TRLRFL, o texto do Convenio Marco, non cumpre un dous presupostos básicos de todo compromiso de gasto: a súa cuantificación. Pero ademais, como tal gasto plurianual, debería iniciar a súa execución no ano en que se adoptou ou acordo. Tampouco se deu cumprimento ao previsto no apartado 3) do devandito precepto en relación coas porcentaxes aplicables a cada ano. A redacción contida no artigo 47 da Lei 47/2003, de 26 de novembro, Xeral Orzamentaria, tampouco acollería como gasto plurianual un documento sen cuantificación e sen especificar o prazos de devengo dos compromisos.

Resulta polo tanto, que había unha vontade das partes para facer fronte as obrigas, aínda que requería da súa especificación nun convenio específico, de aí, a necesidade do mesmo e a súa regularización á data do acordo marco.

Desenvolvemento do acordo nun convenio específico

En relación co anterior, non se desenvolveu o convenio específico de obrigas e dereitos polas partes, polo que non se fixeron as compensacións dos últimos anos, aínda tido sido solicitadas polo Consorcio.

Para afrontar as diferencias orzamentarias e contables, o Pleno do Concello en sesión de data 26 de xullo de 2017, aprobou o expediente 44/142, que contiña un crédito extraordinario para tal finalidade, que posibilitou a compensación de saldos atrasados ata 2017 inclusive.

En consecuencia, o convenio amosaría a súa eficacia para os anos 2017-2020, polas contías que resulten das liquidacións dos IBIs das parcelas do PTL que reúnan os requisitos

previstos no convenio de desenvolvemento do convenio Marco, establecéndose unha contía aproximada de 70.000,00 euros ano.

O Concello dotará anualmente unha contía nos seus orzamentos, a favor do Consorcio, polos ingresos de dereito público mencionados no parágrafo anterior que posibilite a compensación dos saldos debedores e acredores.

A duración das compensacións contempladas nas Estipulacións Segunda e Terceira do presente documento terán un prazo máximo de 4 anos, entendendo que as mesmas han de referenciarse ás liquidacións do Imposto de Bens Inmóbeis correspondentes aos exercicios 2017, 2018, 2019 e 2020.

A vista de todas as consideracións, fórmulase á Xunta de Goberno Local a seguinte proposta:

Proposta

Aprobar o convenio que se achega en desenvolvemento do acordo marco asinado entre o Concello de Vigo e o Consorcio da Zona Franca para a ampliación do Parque Tecnolóxico e Loxístico de Vigo, de 17 de decembro de 2007, tendo en conta o clausulado do mesmo que o conforman as SETE ESTIPULACIÓNS, sendo os compromisos orzamentarios do Concello os seguintes:

Dotar anualmente unha contía estimada de 70.000,00 euros nos seus orzamentos a favor do Consorcio, polos ingresos de dereito público das liquidacións do Imposto de Bens Inmóbeis do Parque Tecnolóxico e Loxístico de Valadares das parcelas das que sexa titular o Consorcio da Zona Franca de Vigo, que posibilite a compensación dos saldos debedores e acredores de acordo ao convenio marco asinado o 17 de decembro de 2007.

Os compromisos de compensación estarán vixentes para o período 2017-2020, ambos inclusive.

A compensación farase a instancia de parte ou de oficio polo Concello, do que se fará comunicación ao Consorcio.

O Consorcio da Zona Franca de Vigo, comunicará ao Concello antes do 1 de setembro de cada ano en curso, a relación das parcelas das que era propietario a data de devengo do imposto.

O Orzamento do ano 2018 ten dotada a aplicación 1510.42390000 cunha contía de 70.000,00 euros para esta finalidade, que se manterá para os anos no que o convenio despegue os seus efectos."

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO DE DESENVOLVEMENTO DOS CONVENIOS SUBSCRITOS PARA A IMPLANTACIÓN DO PARQUE TECNOLÓXICO E LOXÍSTICO DE VIGO

Vigo, a.....de.....de 2017

REUNIDOS

Dunha parte, D. Abel Caballero Álvarez, Alcalde-Presidente do Concello de Vigo, en nome e representación do Excmo. Concello de Vigo, de conformidade co establecido no artigo 124.4.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local.

Doutra parte, D^a Teresa Pedrosa Silva, Delegada Especial do Estado no Consorcio da Zona Franca de Vigo, cargo para o que foi nomeada por Real Decreto 372/2012, de 10 de febreiro, actuando en nome e representación do devandito organismo.

EXPOÑEN

PRIMEIRO.-

O Concello de Vigo, para a xestión dos seus intereses, pode promover cantas actividades contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal. O artigo 25.2.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local, outorga como competencia propia ao Municipio, o Urbanismo, nas funcións de plan, xestión, execución e disciplina urbanística. Protección e xestión do Patrimonio histórico. Promoción e xestión da vivenda de protección pública con criterios de sustentabilidade financeira. Conservación e rehabilitación da edificación.

En consecuencia, ten especial consideración a obtención e creación de chan industrial mediante o desenvolvemento urbanístico, ao obxecto de posibilitar ás empresas asentamentos idóneos que posibiliten a creación de riqueza e, en consecuencia, a creación de postos de traballo.

Pola súa banda, o Consorcio da Zona Franca de Vigo é unha entidade de dereito público, creada por Decreto de 20 de xuño de 1947, cuxo obxecto, segundo figura no seu Estatuto Fundacional (aprobado por Orde do Ministerio de Facenda de 24 de xullo de 1951 e modificado por Orde de 11 de maio de 1988) é, ademais da xestión e explotación da Zona Franca, contribuír ao desenvolvemento e dinamización económica da súa área de influencia. Á vista do conxunto das súas actuacións, o Consorcio configurouse como unha verdadeira axencia de desenvolvemento local.

O Consorcio ven realizando actuacións de especial relevancia para o desenvolvemento económico de Vigo e a súa área de influencia como, entre outras, a creación e promoción de chan empresarial, o impulso ao emprendimento, a prestación de servizos de información ás empresas, o fomento do comercio internacional e, en xeral, a internacionalización das empresas.

Ambas as entidades teñen capacidade para asinar convenios, así o artigo 47 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, regula os Convenios interadministrativos que poderán incluír a utilización de medios, servizos e recursos doutra Administración Pública, organismo público ou entidade de dereito público vinculado ou dependente, para o exercicio de competencias propias ou delegadas.

O artigo 57 dá a LBRL, establece que a cooperación económica, técnica e administrativa entre a Administración Local e as Administracións do Estado e das Comunidades Autónomas, tanto en servizos locais como en asuntos de interese común, desenvolverase con carácter voluntario, baixo as formas e nos termos previstos nas leis, podendo ter lugar, en todo caso, mediante os consorcios ou convenios administrativos que subscriban.

SEGUNDO.-

Que, o 2 de decembro de 1997, o Concello de Vigo e o Consorcio da Zona Franca de Vigo subscribiron un Convenio marco para o desenvolvemento do Parque Tecnolóxico e Loxístico de Vigo.

Este Convenio, no seu Estipulación Novena, dispón o seguinte:

“Os impostos, taxas e prezos públicos que se xeren a cargo do Consorcio dá Zona Franca como consecuencia dá actuación de que se trata, por razón dúas terreos, pola xestión urbanística ou polos terreos edificables resultantes, así como vos proxectos e obras de execución dá urbanización e de instalacións e construcións de equipamento comunitario afectados a servizos de interese público e social realizados directamente polo Consorcio conforme ás determinacións ou previsións establecidas non Plan Parcial de Ordenación, serán obxecto de liquidación conforme as Ordenanzas Fiscais, procedéndose a súa compensación con cargo á Partida do Orzamento de Gastos do Concello: “Cooperación Económica: Parque Tecnolóxico-Central Integrada de Mercadorías” ou con cargo a dereitos que por calquera concepto o Consorcio teña recoñecidos fronte o Concello. De acordo co establecido non artigo 57 dá Lei de Bases de Réxime Local, non que se enmarca este Convenio, o Presuposto municipal dous exercicios 1998 e seguintes, recolleran esta partida, realizándose con cargo á mesma a compensación das cantidades xa devengadas e as que se devenguen nun futuro por estes conceptos.

(...).

Será obxecto dá compensación mencionada non parágrafo primeiro desta cláusula ou Imposto sobre Bens inmobles orixinado polos terreos mentres estes sexan propiedade do Consorcio”.

TERCEIRO.-

O Concello de Vigo e o Consorcio da Zona Franca formalizaron, o pasado 17 de decembro de 2007, ratificado o 7 de agosto de 2008, un novo Convenio cuxo obxecto era sentar as bases para o desenvolvemento da ampliación do Parque Tecnolóxico e Loxístico. Este Convenio, en termos similares ao Convenio orixinal, dispón o seguinte na súa Cláusula Décima:

“Os impostos, taxas e prezos públicos municipais que se orixinen a cargo do Consorcio como consecuencia dá actuación, por razón dúas terreos, pola xestión urbanística ou polos terreos edificables resultantes, así como polos proxectos e obras de execución dá urbanización e de instalacións e construcións de equipamento comunitario afectos a servizos de interese público e social, realizados directamente polo Consorcio conforme as determinacións ou previsións establecidas non Plan Parcial de Ordenación, serán obxecto de liquidación conforme as Ordenanzas Fiscais.

O Concello outorgará anualmente unha subvención nominativa, nos seus orzamentos, a favor do Consorcio, por contía igual ou importe do que se prevexa como dereitos devengados, durante o exercicio, polos ingresos de dereito público mencionados non parágrafo anterior. Se ao finalizar o exercicio a subvención fose inferior aos ingresos contraídos nas contas polos devanditos conceptos, a diferenza incrementará a subvención do exercicio seguinte.

As débedas polos conceptos sinalados non parágrafo primeiro desta estipulación extinguiranse mediante a correspondente compensación, aplicada de oficio polo Concello.

Non serán obxecto de compensación as que se orixinen polo Imposto sobre Incremento de Valor dos Terreos de Natureza Urbana con motivo dá transmisión de terreos a terceiros.

Serán obxecto dá compensación mencionada no parágrafo segundo desta Estipulación, o Imposto sobre Bens Inmóbeis orixinado polos terreos mentres estes sexan propiedade do Consorcio e sempre que sobre os mesmos non se execute ningún tipo de edificación, momento a partir do que (referido a obtención de Licenza de Obras) deixará de efectuarse a compensación e o Consorcio ingresará a cota correspondente á liquidación do imposto.

O Consorcio manterá informado ao Concello dá situación xurídica dos inmóbeis situados non Polígono”.

CUARTO.-

De acordo as previsións destes Convenios Marcos, e estando regularizada a situación ata o 31/12/2016, resulta necesario dotar os mecanismos específicos para o seu desenvolvemento, de forma que as compensacións, a partir do ano 2017, axústense de forma automática ao pretendido polas partes nos documentos subscritos.

En base ao anterior, as partes comparecentes acordan formalizar o presente Convenio de Desenvolvemento dos Convenios Marcos que o Concello de Vigo e o Consorcio da Zona Franca de Vigo subscribiron para o desenvolvemento do Parque Tecnolóxico e Loxístico de Vigo, de acordo coas seguintes

ESTIPULACIÓNS

PRIMEIRA.- OBXECTO

O presente Convenio ten por obxecto desenvolver o contido dos Convenios marcos que o Concello de Vigo e o Consorcio da Zona Franca de Vigo subscribiron para a implantación do Parque Tecnolóxico e Loxístico de Vigo, para o efecto de fixar un importe anual en termos orzamentarios para realizar a compensación do Imposto sobre Bens Inmóbeis nos termos que se establece na Estipulación SEGUNDA do presente Convenio.

SEGUNDA.- PROCEDEMENTO

A efectos do disposto na Estipulación anterior, a compensación do Imposto de Bens Inmóbeis orixinado polos terreos de propiedade do Consorcio nos termos contemplados nos antecedentes Segundo e Terceiro, e sempre que sobre os mesmos non se vendan ou non se execute ningún tipo de edificación, instrumentarase co seguinte procedemento:

A. O Concello dotará anualmente unha contía nos seus orzamentos, a favor do Consorcio, polos ingresos de dereito público mencionados no parágrafo anterior que posibilite a compensación dos saldos debedores e acredores.

B. A cuantificación da mesma será determinada polo Concello, como xestor (e por tanto coñecedor do tipo impositivo a aplicar anualmente) do Imposto de Bens Inmóbeis no seu territorio.

C. O Consorcio, para os efectos de que o Concello poida dotar a cantidade correspondente nos seus orzamentos, notificará anualmente, antes do 1 de setembro de cada ano en curso, a relación das parcelas das que era propietario a data de devengo do imposto.

Na devandita relación farase constar, como mínimo, a referencia catastral de cada unha as parcelas.

D. Unha vez que se notifiquen ao Consorcio as liquidacións correspondentes a estes inmobles en cada un dos exercicios nos que este convenio sexa de aplicación, o Consorcio presentará a súa solicitude de compensación en virtude tanto do contido do presente Convenio como do Convenio marco que desenvolve.

E. A compensación efectiva, unha vez leve a termo, será notificada ao Consorcio.

TERCEIRA.- ESTIMACIÓN DE CANTIDADES

Para o suposto de que non fose posible cuantificar detalladamente, con carácter previo ao peche orzamentario anual, a cantidade sinalada no apartado B) da Estipulación anterior, establécese un importe anual estimado de 70.000 euros.

Se ao finalizar o exercicio, unha vez efectuadas as compensacións, a dotación orzamentaria fose inferior ás liquidacións xeradas polos bens correspondentes ás parcelas das que é propietario o Consorcio da Zona Franca de Vigo a data de devengo do imposto, a diferenza será dotada no orzamento do exercicio seguinte, debendo ser compensada automaticamente no exercicio inmediato posterior. As liquidacións dun exercicio que resulten compensadas no seguinte por insuficiencia de créditos, non pasarán a prema, non devengando por iso recarga de prema nin intereses de demora.

En calquera caso, velarase pola efectiva execución orzamentaria das partidas de gasto contempladas na cláusula segunda deste convenio.

CUARTA.- DURACIÓN

A duración das compensacións contempladas nas Estipulacións Segunda e Terceira do presente documento terán un prazo máximo de 4 anos, entendendo que as mesmas han de referenciarse ás liquidacións do Imposto de Bens Inmobles correspondentes aos exercicios 2017, 2018, 2019 e 2020.

Por acordo expreso entre as partes, este prazo poderá ser prorrogado en calquera momento, antes da finalización do prazo previsto, por un período máximo de ata catro anos adicionais.

En consecuencia, establécese un prazo de vixencia de catro anos, a contar desde a firma do Convenio, coa posibilidade de prórroga expresa contemplada no parágrafo anterior.

QUINTA.- SEGUIMIENTO

Constituirase unha comisión de seguimento que, integrada por dous representantes de cada unha das partes asinantes, terá atribuídas, entre outras, as seguintes funcións:

Impulsar e avaliar o cumprimento do presente convenio naqueles aspectos xurídicos, técnicos e/ou económicos que neste documento regúlanse, propondo as actuacións que se consideren precisas.

Propor a interpretación, en caso de dúbida, do contido do presente convenio.

Propor ás partes a resolución das posibles controversias que poidan xurdir na aplicación do convenio.

A estes efectos, dentro dos dez días seguintes á firma do presente Convenio as partes designarán os seus respectivos representantes.

A comisión reunirse as veces que se estimen oportunas para o cumprimento do presente convenio e, en todo caso, sempre que o solicite calquera dos seus membros.

Os acordos adoptados por esta na resolución das posibles discrepancias adoptaranse por maioría dos seus membros.

SEXTA.- RESOLUCIÓN

O presente Convenio poderá extinguirse polas causas legalmente previstas. En especial, serán causas de resolución do presente Convenio de Colaboración as seguintes:

A denuncia expresa por calquera das partes, comunicada á outra cunha antelación mínima de tres meses á data na que se pretende que teña eficacia.

O mutuo acordo.

O incumprimento acreditado de calquera das partes dos deberes asumidos nas cláusulas deste convenio.

Pola venda ou edificación de todas as parcelas do Consorcio no Parque Tecnolóxico e Loxístico de Vigo.

A resolución anticipada do presente Convenio obrigará á parte que a pretenda ao cumprimento, con carácter previo, de todas as obrigas pendentes ata a data prevista de duración inicial, salvo que acredite o incumprimento culpable da outra.

SÉTIMA.- XURISDICIÓN

O presente convenio ten natureza xurídico-administrativa, polo que calquera discrepancia que non poida ser liquidada no seo da Comisión de Seguimento no tocante á súa celebración, cumprimento, interpretación, efectos e extinción, someterase á orde xurisdiccional contencioso-administrativa.”

3(1413).- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE CUBRICIÓN DO PATIO DO COLEXIO CARBALLAL. EXPTE. 4.859/440.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 28/12/17, dáse conta do informe-proposta da mesma data, asinado pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 28 de decembro de 2017, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de cubrición do patio do Colexio Carballal (4.859-440)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras de cubrición do patio do Colexio Carballal (4.859-440)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 21 de decembro de 2017, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Excluir deste procedemento aos seguintes licitadores, por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados, porque non se cumpren os requisitos para consideralas xustificadas consonte o informe do enxeñeiro municipal de data 15 de decembro de 2017:

1. CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no procedemento aberto para a contratación das obras de cubrición do patio do Colexio Carballal (4.859-440) na seguinte orde descendente:

	Empresas	Puntuación
1	ORECO, S.A.	97,76
2	PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	96,02
3	CONSTRUCCIONES ABAL, S.A.	89,28
4	AN ROD LATEM, S.L.	80,84

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, ORECO, S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Cuarto.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 999,02 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

Segundo.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, ORECO, S.A., o día 21 de decembro de 2017, que presenta a documentación requirida o 27 de decembro, dentro do prazo concedido.

Terceiro.- A Mesa de Contratación na sesión do 28 de decembro de 2017 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar ORECO, S.A., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por ORECO, S.A., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliadas mediante xuízo de valor e das proposicións avaliadas mediante fórmula, de datas 29 de novembro e 18 de decembro de 2017, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a ORECO, S.A., o procedemento aberto para a contratación das obras de cubrición do patio do Colexio Carballal (4.859-440) por un prezo total de 279.340,44 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 48.480,57 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(1414).- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DO PROXECTO VIGO VERTICAL DE

DESENVOLVEMENTO URBANO SUSTENTABLE NA RÚA JUAN RAMÓN JIMÉNEZ, ENTRE TORRECEDEIRA E PI MARGALL. EXPTE. EXPTE. 4.860/440.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 28/12/17, dáse conta do informe-proposta da mesma data, asinado pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 28 de decembro de 2017, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

11.- Propostas de adxudicación

b) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto Vigo Vertical de desenvolvemento urbano sustentable na rúa Juan Ramón Jiménez, entre Torrecedeira e Pi Margall (4.860-440)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto Vigo Vertical de desenvolvemento urbano sustentable na rúa Juan Ramón Jiménez, entre Torrecedeira e Pi Margall (4.860-440)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 21 de decembro de 2017, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Excluir deste procedemento aos seguintes licitadores, por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados, porque non presentaron xustificación ningunha durante o prazo conferido ao efecto, en cumprimento do disposto no artigo 152 do TRLCSP, segundo o informe do xefe da área de Inversións e do xefe servizo Administrativo e de Control Orzamentario de data 20 de decembro de 2017:

1. *PETROLAM INFRAESTRUCTURAS, S.L.*

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto Vigo Vertical de desenvolvemento urbano sustentable na rúa Juan Ramón Jiménez, entre Torrecedeira e Pi Margall (4.860-440) na seguinte orde descendente:

	<i>Licitadores</i>	<i>Puntuación</i>
1	<i>UTE: PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.-COPSESA</i>	<i>90,21</i>
2	<i>CONSTRUCCIONES RAMIREZ, S.L.U.</i>	<i>89,44</i>
3	<i>HIDROMIÑO S L</i>	<i>88,66</i>
4	<i>CIVIS GLOBAL SL</i>	<i>88,61</i>
5	<i>U.T.E.: C.D.INDEPO S.L.U. - DEMAIN</i>	<i>88,55</i>

	Licitadores	Puntuación
6	OGMIOS PROYECTO, S.L.	87,98
7	UTE: XESTION AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L. - ABECONSA, S.L.	87,18
8	SA DE OBRAS Y SERVICIOS, COPASA	86,04
9	MISTURAS, S.A.	83,71
10	EXTRACO, S.A.	83,38
11	COPCISA, S.A.	82,31
12	CONSTRUCTORA SAN JOSE, S.A.	78,93
13	DRAGADOS SA	71,87
14	ORECO S.A	71,07
15	VIAS Y CONSTRUCCIONES, S.A.	47,32

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, UTE PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.-COPSESA, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgado da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Cuarto.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 971,18 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación.

Este proxecto é susceptible de ser cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) nunha porcentaxe do 80%- PROXECTO EDUSI VIGO VERTICAL. Se finalmente é aceptada a súa proposta vai aparecer na lista pública prevista no artigo 115, apartado 2 do Regulamento (UE) 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello de 17 decembro de 2013".

Segundo.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, UTE PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A. e COPSESA, o día 21 de decembro de 2017, que presenta a documentación requirida o 27 de decembro de 2017, dentro do prazo concedido.

Terceiro.- A Mesa de Contratación na sesión do 28 de decembro de 2017 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar, UTE PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A. e COPSESA, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada pola UTE PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A. e COPSESA, de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliábeis mediante fórmula, de datas 12 e 20 de decembro de 2017, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar á UTE PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A. e COPSESA, o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto Vigo Vertical de desenvolvemento urbano sustentable na rúa Juan Ramón Jiménez, entre Torrecedeira e Pi Margall (4.860-440) coas seguintes condicións:

- a) O prezo total do contrato é de 2.060.520,41 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 357.610,98 euros.*
- b) Comprométese a aportar as seguintes melloras coas características e o importe descritos no Anexo III do prego de cláusulas administrativas particulares:*

<i>Melloras</i>	<i>Nº trimestres ofertados</i>
<i>Mantemento integral do ascensor</i>	<i>6</i>
<i>Mantemento integral das zonas verdes</i>	<i>4</i>

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.

Este proxecto é susceptible de ser cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) nunha porcentaxe do 80%- PROXECTO EDUSI VIGO VERTICAL. Se finalmente é aceptada a súa proposta vai aparecer na lista pública prevista no artigo 115, apartado 2 do Regulamento (UE) 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello de 17 decembro de 2013”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(1415).- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE HUMANIZACIÓN DA RÚA MARQUÉS DE VALTERRA. FASE II. EXPTE. 4.838/440.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 28/12/17, dáse conta do informe-proposta da mesma data, asinado pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 28 de decembro de 2017, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

c) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Marqués de Valterra. Fase II (4.838-440)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSPP)
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSPP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Marqués de Valterra. Fase II (4.838-440)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local, na sesión que tivo lugar o 21 de decembro de 2017, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Excluir deste procedemento aos seguintes licitadores, por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados, porque non presentaron xustificación ningunha durante o prazo conferido ao efecto, en cumprimento do disposto no artigo 152 do TRLCSPP, segundo o informe do xefe da área de Inversións e do xefe servizo Administrativo e de Control Orzamentario de data 20 de decembro de 2017:

1. MOVIMIENTO DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Marqués de Valterra. Fase II (4.838-440) na seguinte orde descendente:

	Licitadores	Puntuación
1	XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.	97,37
2	UTE PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.- CONSTRUCTORA OBRAS PUBLICAS SAN EMETERIO, S.A.	94,26
3	CONSTRUCCIONES RAMIREZ, S.L.U.	93,35
4	C. D. INDEPO S. L.	89,13
5	ORECO S.A	89,03

	Licitadores	Puntuación
6	NAROM, S.L.	88,83
7	NEMESIO ORDOÑEZ, S.A.	88,16
8	ORESA SL	87,25
9	CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS S.A.	87,09
10	NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.L.U.	87,01
11	CIVISGLOBAL, S.L.U.	85,01
12	HORDESCON, S.L.	82,63
13	CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS SL	74,90
14	CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U.	75,82

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, XESTION AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgado da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Cuarto.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 929,40 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación.

Este proxecto é susceptible de ser cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) nunha porcentaxe do 80%- PROXECTO EDUSI VIGO VERTICAL. Se finalmente é aceptada a súa proposta vai aparecer na lista pública prevista no artigo 115, apartado 2 do Regulamento (UE) 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello de 17 decembro de 2013”.

Segundo.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L., o día 21 de decembro de 2017, que presenta a documentación requirida o 27 de decembro de 2017, dentro do prazo concedido.

Terceiro.- A Mesa de Contratación na sesión do 28 de decembro de 2017 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente

a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliábeis mediante fórmula, de datas 12 e 20 de decembro de 2017, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, proponse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L., o procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Marqués de Valterra. Fase II (4.838-440) por un prezo total de 652.480,73 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 113.240,46 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.

Este proxecto é susceptible de ser cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) nunha porcentaxe do 80%- PROXECTO EDUSI VIGO VERTICAL. Se finalmente é aceptada a súa proposta vai aparecer na lista pública prevista no artigo 115, apartado 2 do Regulamento (UE) 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello de 17 decembro de 2013”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(1416).- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE CUBRICIÓN DO PATIO DO COLEXIO ROCÍO. EXPTE. 4817/440.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 28/12/17, dáse conta do informe-proposta da mesma data, asinado pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 6 de novembro de 2017, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

11.- Propostas de adxudicación

d) Procedemento aberto para a contratación das obras de cubrición do patio do Colexio Rocío (4.817-440)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)

- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras de cubrición do patio do Colexio Rocío (4.817-440)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 14 de decembro de 2017, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras de cubrición do patio do Colexio Rocío (4.817-440) na seguinte orde descendente:

	Licitadores	Puntuación
1	COVISAM NORTE, S.L.	90,43
2	ORECO, S.A.	89,87
3	CONSTRUCCIONES ABAL, S.A.	87,36
4	AN ROD LATEM, S.L.	81,27
5	ENDENOR MANTENIMIENTO Y SERVICIOS, S.L.	74,71
6	PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	64,60

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, COVISAM NORTE, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. *Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
Primeiro.- Aprobar a revisión de prezos do contrato para o período (26 de xullo 2017 ao 25 de xullo de 2018) a favor da UTE LUZE VIGO con CIF U27832096 (IMESAPI, S.A.,

FOMENTO DE CONSTRUCCIONES Y CONTRATAS, S.A. e FCC INDUSTRIAL E INFRAESTRUCTURAS ENERGÉTICAS, SAU como adxudicataria do contrato SERVIZO DE MANTENIMENTO DAS INSTALACIÓNS DE ALUMEADO PÚBLICO, TÚNELES, PASOS INFERIORES, GALERÍAS DE SERVIZOS, INSTALACIÓNS DE ENERXÍAS RENOVABLES E ALGUNHAS FONTES ORNAMENTAIS DO CONCELLO DE VIGO, a cal despois da aplicación dos criterios de revisión lle corresponden os seguintes importes:

a.- Revisión do prezo do período 26 de xullo a 31 de decembro 2017.

➤ Novo prezo ano sen IVE:	1.904.015,97 euros
➤ Novo importe con IVE:	2.303.859,32 euros.
➤ Importe mensual con IVE	191.988,28 euros

Aplicación da revisión na facturación do ano 2017:

	Facturado (c/IVE)	Importe con revisión	Diferenza
2017 Xullo (seis días)	37.476,03 €	37.871,66 €	395,63 €
2017 Agosto	189.982,67 €	191.988,28 €	2.005,61 €
2017 Setembro	189.982,67 €	191.988,28 €	2.005,61 €
2017 Outubro	189.982,67 €	191.988,28 €	2.005,61 €
2017 Novembro	189.982,67 €	191.988,28 €	2.005,61 €
2017 Decembro	189.982,67 €	191.988,28 €	2.005,61 €
			10.423,68 €

Resultando da revisión da facturación realizada un importe a favor da mercantil UTE LUZEVIGO de 10.423,68 € (IVE incluído).

Para a súa financiación aplicaranse os créditos incluídos na aplicación orzamentaria e 1650.227.99.03, e a bolsa de vinculación a cal cumpre a condición de crédito suficiente e necesario.

b.- Revisión do prezo do período 1 de xaneiro a 31 de decembro 2018.

Correspondendo para o ano 2018 un importe anual de 2.319.060,19 € (IVE incluído), correspondendo a facturación mensual de 193,255,02 € (IVE incluído).

Para a súa financiación aplicaranse os créditos do orzamento 2018 incluídos na aplicación orzamentaria e 1650.227.99.03, e a bolsa de vinculación a cal cumpre a condición de crédito suficiente e necesario.

Segundo.- O presente acordo comunicárase ao Servizo de Contratación, á Intervención Xeral e ao contratista aos efectos oportunos, con ofrecemento a este último dos recursos previstos na vixente lexislación.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

13(1423).- PRÓRROGA PARA O ANO 2018 DO ACORDO MARCO PARA A AMPLIACIÓN DAS XORNADAS LABORAIS PARA O PERSOAL DO SERVIZO DA POLICÍA LOCAL. EXPTE. 31144/220.

Visto o informe de fiscalización do 28/12/17, dáse conta do informe-proposta de data 27/12/17, asinado pola técnica de formación e avaliación de Recursos Humanos, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e o concelleiro-delegado de Xestión Municipal e Persoal, que di o seguinte:

En data 19 de decembro de 2017 recíbese na Area de Recursos Humanos e Formación informa proposta asinado polo Intendente da Policía Local e conformado polo Concelleiro delegado da Area no que se propon a aprobación pola Xunta de Goberno Local da prorroga durante o ano 2018 do Acordo para a ampliación das xornadas laborais para o servizo da Policía Local aprobado pola Xunta de Goberno Local o 22 de xuño de 2017 (expte. 30140/220), coa modificación puntual do número máximo de xornadas a realizar (4.316) e o importe máximo das mesmas, que sen contar coa eventual prolongación da xornada de reforzo, nin o previsible incremento salarial, ascendería a 936.504,79 €.; todo elo co obxectivo principal de poder acometer de xeito eficaz necesidades ordinarias puntuais e os eventos extraordinarios detallados no apartado V, así coma os que de xeito imprevisto poidan acontecer ao longo do ano, ante a insuficiencia dos recursos humanos ordinarios.

Motivase dita petición, entre outros, nas seguintes:

- carencia de efectivos no Servizo da Policía Local, dada a poboación censada a data 01/01/2016 - 292.817 habitantes-, a extensión do seu territorio e a densidade de poboación - 2.684,92 h/q²-.
- As funcións das Policía locais reguladas no art. 53 da L.O. 2/86 de Forzas e Corpos de Seguridade, e na Lei 4/07 de Galicia sobre Coordinación das Policía locais de Galicia.
- A complexidade do espazo urbano en canto a súa extensión, intensidade e variedade de usos; (gran espazo rural, con núcleos de poboación relevantes, zonas verdes, etc)
- Localización de zonas industriais que constitúen focos de risco de contaminación para o medio ambiente;
- o ruído ambiental xerado polo tráfico de vehículos sobre os que se proxectan unhas esixencias técnicas que é indispensable facer cumprir;
- a crecente demanda dos cidadáns de protección do seu dereito á intimidade persoal e familiar e á integridade física nos seus domicilios, tantas veces expostos polas gravísimas inxerencias de fontes sonoras xeradas principalmente por actividades recreativas;
- a preservación das rúas e demais espazos públicos para o seu uso común e xeral polo conxunto da cidadanía, tantas veces ameazado polo uso indebido ou abuso de terceiros (ocupacións con colectores e sacos para cascallos; con estadas, terrazas dos negocios de hostalería, etc.);
- unha extensa liña de costa cos seus areais de concurrencia masiva nos meses estivais;
- os fenómenos modernos de grandes concentracións de persoas en espazos públicos non ideados a tal fin e que en non poucas ocasións xeran comportamentos incompatibles coas máis elementais normas de boa veciñanza;

- o fenómeno da venda ambulante ilegal que conocidamente leva implícito a de xéneros de ilícito comercio;
- a detección de situacións de desamparo ou risco de desamparo de menores;
- a propia situación de crise económica cun incremento significativo de delitos contra a propiedade e conflictividade social
- a execución das ordes xudiciais de afastamento das vítimas de violencia de xénero co Corpo Nacional de Policía.
- a vixilancia estática nalgún edificio e instalacións Municipal,
- as tarefas de carácter administrativo derivadas directamente da súa funcións de vixilancia, denuncia, intervención en conflitos privados e, asimesmo, outras tarefas administrativas que resultan alleas coma son os informes de convivencia, expedición de tarxetas de discapacitados, autorización residentes Casco Vello, autorización residentes zona Xer, autorización contenedores, transportes especiais, mudanzas, actos de comunicación xudicial, etc.

Refírese así mesmo a previsión para o ano 2018 é que un total de 72 policía/os oficiais superarán os 58 anos de idade , aos que temos que sumar 6 axentes que contan con informes do departamento de saúde laboral do Concello, que recomendan a adaptación do posto de traballo por causas psicofísicas (pendentes igualmente de regulamentación tal como establece a Lei 4/2007).

Significar tamén que ó longo de 2018 xubiláranse 6 policía/os. Non entanto, está moi adiantada a tramitación da normativa que adelanta a idade de xubilación aos Corpos de Policía Local, prevéndose que entre en vigor no ano 2018. Isto suporía que os policía/os que se xubiláran acadaría a cifra de 44

En resumo, a Policía Local conta con 332 funcionarios aos que 72 deles lle correspondería a situación de segunda actividade, e un mínimo de 6 xubiláranse ó longo do ano 2018, acadando a cifra de 44 si como é previsible se adianta a idade de xubilación.

Como xustificación da proposta sinalase

- garantir a prestación ordinaria das funcións previstas no ordenamento dun xeito eficaz.
- abordar profesionalmente os servizos de carácter extraordinario, mesmo eventos que sin ter ese acusado carácter, demandan gran cantidade de dispositivos policía/os
- Campañas de prevención.
- Aprobar as petición de disfrute dos días acumulados- horas extraordinarias realizadas por necesidades do servizo- que non se puideron conceder pola Xefatura por quedar os efectivos en servizo por debaixo dos servizos mínimos establecidos en cada sección.

O mapa de eventos extraordinarios previstos para 2018, sen perxuício dos que se poidan ir sumando, dada a antelación coa que se expoñen, son os seguintes:

- Especial vixilancia das zonas forestais e os areas na época estival
- Vixilancia das Zonas Zas e botellón
- Cruceiros de lecer
- Os partidos de fútbol do Celta en Balaídos

- As campañas de tráfico e de seguridade cidadá
- Servicio das Illas Cies na época estival
- Eventos de carácter relixioso:
 - Eventos relixiosos da semana santa
 - Festividade do día de todos os santos
 - Procesións (Fátima, Maria Auxiliadora, Balaidos, Rocío, San Antonio da Florida, Corpus en Bembrive, Corpus en Coia, Corpus en Alcabre, Corpus na Colexiata, Lavadores, corpus en Avd. Castelao, Sampaio de Lavadores, Santa Eulalia en Alcabre, Carme en López Mora, Carme en Coruxo, Cristo da Victoria dende a Colexiata, San Xosé Obreiro na Praza de Santa Rita, Santa María na Concatedral, San Roque, Santa Lucía, etc).
- Eventos deportivos (Probas pedestres, Probas ciclistas, Probas motoristas, e outras probas deportivas
- Eventos de carácter cultural e festivo, tales como Cabalgata de Reis na cidade e nas distintas parroquias e colexios, celebración do Entroido, na cidade e nos distintos colexios, Día 23, celebración do *San Pepe*, polo colectivo universitario, Festas da noite de San Xoan, a Brincadeira en Bouzas, Vicus Espacorum en Navia, eventos culturais e musicales dentro do programa de Vigo en Festas nos meses de Xullo e, Agosto e setembro, festas nas distintas parroquias da cidade etc
- Eventos que teñen lugar no Auditorio Mar de Vigo, no centro cultural Afundación, recinto ferial de Cotogrande, IFEVI (Exposición internacional canina, Conxemar, Feira do automovil, Feira do vehículo de ocasión, Feira da Construcción, Certame de Rondallas, etc)

A estes eventos previstos hai que engadir-lles os que ao longo do ano se poidan ir sumando (concentracións, manifestacións, folgas, etc), dada a súa continxencia e a imposibilidade de prevelos con esta antelación.

Solicítase a ampliación do número de xornadas autorizadas, no ano 2017 foron 11 por empregado e solicítase se amplien a un máximo de 13 xornadas por funcionario, polo que o número máximo de xornadas a realizar será de 4.316.

O custo das xornadas – sen contar coa eventual prolongación da xornada de reforzo- ascendería a 936.504,79 € como máximo.

Indicase varios obxetivos xerais que se pretenden acadar co programa de ampliación das xornadas de traballo referentes a actuación policial

Nas vixentes Instrucións sobre Cadro de Persoal e Relación de postos de traballo do persoal ao servizo da corporación e dos seus organismos autónomos aprobadas pola Xunta

de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e vixentes na actualidade, recollen no seu punto terceiro, apartado j) :

–Os programas de dispoñibilidade horaria que fose preciso acometer en atención a circunstancias excepcionais que podieran concurrir nalgún servizo, nas condicións que regulamentariamente aprobe a Xunta de Goberno local e previa elaboración por parte da Unidade Xestora dun estudo da concurrencia de circunstancias motivadoras excepcionais e urxentes, a imposibilidade de reasignación de efectivos e/ou de prestar o servizo cos efectivos existentes e os obxectivos a acadar co dito programa.

Así mesmo, nas Bases de execución do Orzamento vixentes, aprobadas polo Pleno do Concello, en sesión ordinaria celebrada o 27 de decembro de 2016, publicándose no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra número 247 de 28 de decembro contéplase que: no caso excepcional de existencia de gastos relativos a xornadas de reforzo e gratificacións por prestacións feitas fora da xornada laboral, ós efectos do apartado 1.1.c), se comprobará que: no caso de xornadas de reforzo ou dispoñibilidade, existe un plan aprobado, cuantificando o número de xornadas, coste de cada unha delas e custe total. Se comprobará igualmente que para súa fiscalización se adxunta a certificación do Xefe do servizo en canto a súa execución, facendo constar na mesma ou nun documento independente, como mínimo a seguinte información: o nome do empregado que executou as horas ou a xornada, o día en que se fixo, referencia sucinta as necesidades a cubrir, as horas feitas si se trata de gratificación, ou xornadas si se trata de reforzos.

En canto aos demais aspectos, remítese aos informes emitidos polos técnicos da Área de Recursos Humanos con respecto aos expedientes 34002/212 e 34267/212 , correspondentes a aprobación dos programas de reforzos dos anos 2009 e 2010 así como en informes anteriores, en canto a necesidade de realización un exhaustivo estudo da organización do servizo en canto a turnos, réxime de descansos, establecemento dos períodos vacacionais e asuntos propios, xornada laboral anual realizada polos diferentes turnos, persoal adscrito as diferentes seccións, réxime horario das distintas quendas, análise do absentismo e da siniestralidade laboral, etc, por si fora necesario realizar axustes nestes parámetros que permitisen optimizar o servizo e que deran lugar a redución das xornadas de reforzo a realizar.

Por outra banda , enténdese que a incorporación de novos efectivos provenientes da execución das Ofertas de Emprego deberán supor unha minoración do número de xornadas de dispoñibilidade autorizadas e realizadas.

A realización das xornadas de dispoñibilidade aboaranse en concepto de produtividade, concepto que forma parte das retribucións complementarias dos funcionarios públicos, recollidas tanto no TREBEP como R.D. 861/86, de 25 de abril, polo que se regula o réxime de retribucións dos funcionarios da Administración local, e esta destinado a retribuí-lo especial rendemento, actividade extraordinaria, e o interese e iniciativa coa que o funcionario desenvolve o seu traballo.

A apreciación da produtividade deberá realizarse en función de circunstancias obxectivas relacionadas directamente co desempeño do posto de traballo e obxectivos asignados ao mesmo, sen que en ningún caso as contías asignadas por dito complemento durante un período de tempo devenguen dereito individual algún verbo das valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.

As cantidades que perciba cada funcionario por este concepto serán de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación como dos representantes sindicais dos traballadores/as.

Dada a voluntariedade de adhesión a dito acordo por parte dos funcionarios do servizo da Policía Local, non considerase a súa obrigatoriedade de negociación colectiva, segundo do disposto no artigo 37 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido 5/2015 da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aínda que afecten ás condicións dos postos de traballo, aínda que sería aconsellable que dito acordo conte coa conformidade da representación sindical.

Vistas as circunstancias anteditas, e previo o preceptivo informe de fiscalización previa que pola Intervención Xeral Municipal se emita nos termos do disposto nos artigos 213 a 223 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a Lei Reguladora das Facendas Locais, en relación á existencia de crédito suficiente na partida de imputación do gasto 920.0.1500000-“Productividade”, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

1.- Prórrogar durante o ano 2018 o Acordo para a ampliación das xornadas laborais para o servizo da Policía Local aprobado pola Xunta de Goberno Local o 22 de xuño de 2017 (expte. 30140/220) e que terá como obxectivo principal seguir garantindo a prestación ordinaria das funcións legalmente atribuídas cun mínimo de eficacia e satisfacción social e, atender, ao mesmo tempo, os importantes eventos e campañas inicialmente previstas, en aquelas circunstancias coxunturais nas que poidan ser precisas.

2.- Aprobar a ampliación do número de xornadas autorizadas, pasando de 11 a 13 por funcionario, polo que o número máximo de xornadas a realizar será de 4.316, sendo o seu custo, – sen contar coa eventual prolongación da xornada de reforzo- a un máximo de 936.504,79 €.

3.- Delegar no Concelleiro da Área de Xestión Municipal a tramitación dos expedientes en execución do Plan Marco, tanto en canto a autorización das xornadas como a autorización do gasto e recoñecemento das obrigas devengadas en execución das mesmas

4.- A autorización da realización das xornadas de dispoñibilidade realizarase previa solicitude do servizo da Policía Local na que conste as circunstancias excepcionais e coxunturais que motiva a necesidade de realización de xornadas de dispoñibilidade, número de efectivos previstos e custo das mesmas, e unha vez que por parte da Intervención Xeral sexa realizada a fiscalización previa do gasto, ao abeiro do disposto nos artigos 213 a 223 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e Bases de Execución dos Orzamentos Municipais vixentes, verificando a existencia de crédito suficiente na aplicación orzamentaria 920.0.150.0000 (Productividade).

5.- A realización das xornadas de reforzo nas condicións previstas no Acordo Marco virán xeradas única e exclusivamente pola execución puntual de campañas preventivas, eventos ou circunstancias sobrevidas polo que non terán carácter estable nin a súa realización será de xeito lineal mensual. Retribuiranse en concepto de produtividade, polo que non poden ser consideradas de xeito algun retribucións de carácter fixo nin periódico

6.- Os incrementos sucesivos da plantilla do Corpo da Policía Local que se produzan no futuro, terá que ir acompañado cunha minoración no número e no custo das xornadas de disponibilidad a realizar, salvo que concurran circunstancias acreditadas da necesidade de acometelas.

Dése traslado do presente acordo aos correspondentes servizos, Concelleiros-delegados das áreas de xestión Municipal e Seguridade e Mobilidade, Intervención Xeral e Comité de Persoal aos efectos oportunos, debendo expoñerse asemade no Taboleiro de Edictos por un prazo de dez días para público coñecemento.”

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 meses dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

14(1424).- RECTIFICACIÓN DE ERRO NO EXPEDIENTE DE PRODUCTIVIDADE POR ENCOMENDA DE FUNCIÓNS. EXPTE. 31058/220.

Dáse conta do informe-proposta de data 28/12/17, asinado pola técnica de formación e avaliación de Recursos Humanos, e a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e o concelleiro-delegado de Xestión Municipal e Persoal, que di o seguinte:

Tendo sido enviado por erro o expediente nº 31058-220 e aprobado na Xunta de Goberno Local de hoxe, 28/12/2017; e estando residenciada a competencia para a aprobación do aboamento do complemento de produtividade na Concellería-delegada da Área de Xestión Municipal e Persoal; ao abeiro do disposto no artigo 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo, que sinala que "Las Administraciones Públicas podrán, asimismo, rectificar en cualquier momento, de oficio o a instancia de los interesados, los errores materiales, de hecho o aritméticos existentes en sus actos", pola presente e coa conformidade da Concellería-delegada da Área de Xestión Municipal elévase á Xunta de Goberno local a seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

"Deixar sen efecto o acordo da Xunta de Goberno Local de data 31/12/2017 adoptado en expediente nº 31058-220, consonte ao previsto no artigo 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo."

Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso potestativo de reposición nos prazos, termos e condicións do previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo, ou ben recurso contencioso-administrativo, segundo o previsto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito"

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

15(1425).- PROPOSTA DO CONVENIO ENTRE AUGAS DE GALICIA E O CONCELLO DE VIGO PARA A EXECUCIÓN DA ACTUACIÓN DE CAPTACIÓN DE AUGA DO RÍO VERDUGO E A SÚA CONEXIÓN COA CANALIZACIÓN QUE CONECTA O ENCORO DE EIRAS CO SISTEMA DE ABASTECIMENTO DA ÁREA DE VIGO (PONTEVEDRA). EXPTE. 5085/440.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 18/12/17 e o informe de fiscalización de data 26/12/17, dáse conta do informe-proposta de data 22/12/17, asinado polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario, o xefe da Área de Investimentos e o concelleiro delegado de Fomento, que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES:

1.- O Plan Hidrolóxico da Demarcación Hidrográfica Galicia Costa do ciclo 2015-2021, foi aprobado por RD 11/2016 do 8 de xaneiro. A citada demarcación hidrolóxica atopase dividida por un esquema de zonificación en niveis de disgregación sucesiva, manténdose o criterio hidrográfico como determinante dos límites correspondentes. Deste xeito establecéronse “Zonas ou sistemas de explotación”, definidas en relación a criterios hidrográficos e de explotación. A Demarcación Hidrográfica Galicia Costa divídese hidrolóxicamente en dezanove “Sistemas de Explotación”, sendo o sistema “1” o correspondente ao RÍO VERDUGO, RÍA DE VIGO E RÍA DE BAIONA.

A nivel de xestión de auga, os municipios que forman parte deste sistema de explotación de maneira total son: A Lama, Baiona, Cangas, Fornelos de Montes, Gondomar, Moaña, Nigrán, Ponte Caldelas, Redondela, Soutomaior, Vigo e Vilaboa.

2.- A pesar de que a precipitación media anual acadada en Galicia Costa (1500 mm) é moi elevada en relación co resto da península, isto non impide que se produzan con certa frecuencia períodos de escaseza de auga na Demarcación Hidrográfica Galicia-Costa. Estes episodios de seca son froito da variabilidade das precipitacións de Galicia e da forte dependencia entre esas precipitacións e a escorrenta superficial xerada, circulante polos ríos, así como pola escasa capacidade de regulación nos nosos cauces. O incremento da frecuencia destes episodios, levou á toma en consideración da necesidade de elaboración dun Plan de Seca para a Demarcación Hidrográfica de Galicia Costa dentro dos traballos de Planificación hidrolóxica da Demarcación.

O Plan de Seca da Demarcación Hidrográfica Galicia-Costa foi aprobado polo Consello da Xunta de Galicia con data 1 de agosto de 2013 (DOGA 07/10/2013)

O Plan establécese como un instrumento, que ante un episodio de seca hidrolóxica, permita á administración a identificación, avaliación, seguimento, toma de decisións e a adopción de medidas, de cara a minimizar os efectos adversos da seca sobre o medio hídrico e os ecosistemas e usos asociados.

3.- No mes de setembro de 2016 Augas de Galicia declarou o **estado de prealerta** por seca nos sistemas 1, 2 e 8 da demarcación hidrográfica de Galicia-Costa debido ao anormalmente baixo caudal circulante polos ríos destas zonas e aos índices de seguimento da seca.

4.- O día 2 de outubro de 2017, tras un ano hidrolóxico caracterizado pola carestía xeralizada de precipitacións e caudais circulantes polos ríos, atípicamente baixos, a Presidencia de Augas de Galicia **declara a alerta** en 6 sistemas de explotación (1, 2, 7, 8, 11 e 12) e mantén a situación de prealerta no resto.

II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS

1.- O Concello de Vigo desde o seu servizo municipal de auga ven realizando nos últimos anos unha serie de acción encamiñadas a reducir o volume de auga subministrada e consecuentemente un mellor aproveitamento dos recursos hídricos vinculados os sistema que xestiona este servizo. Desde a declaración da fase de “prealerta por seca”, os servizos técnicos da concesionaria dos servizos de abastecemento de auga intensificaron as medidas de seguimento dos niveis dos encoros, así como dos volumes de auga subministrados, buscaron novas medidas para a mellora da eficiencia dos procesos das ETAP´s e puxeron en práctica novas mediades de redución e control de perdas técnicas pola rede de abastecemento de auga (control activo de fugas, xestión de presións, xestión de infraestruturas, mellora da resposta e calidade das reparacións de fugas, etc).

En relación a estas actuación debese ter en conta que o Concello de Vigo ten reducido o volume de auga subministrada a rede de distribución no período 2019-2016 nun 12.6 %

2.- Dende o pasado día 6 de outubro o Concello de Vigo adoptou novas medidas de prevención para reducir o consumo de auga en sistemas non prioritarios, e deste xeito foron suprimidos baldeos, regos e limpeza das rúas con auga potable e se procedeu a redución dos regos nas zoas verdes e axardinadas. Posteriormente, o día 26 de outubro o Concello de Vigo activou o “plan de emerxencia municipal para situacións de seca”, e de acordo co mesmo foron tomadas novas medidas como: supresión do todos os baldeos, peche de fontes e bebedeiros sen circuío pechado, supresión de purgas na rede, recomendacións sobre o consumo de auga, campañas de comunicación por un consumo responsable.

Outra das medidas tomadas o foi en relación aos municipios que teñen o abastecemento de auga vinculado ao sistema de Vigo, a través dos encoros de Eiras e Zamans, para a cal o Alcalde de Vigo remitiu unha carta a cada un dos Alcaldes deste municipios solicitando un esforzo por preservar os recursos hídricos e por levar a cabo todas as medidas de aforro necesarias para reducir o caudal de auga que se lles subministra ante a posibilidade de ter que acometer outras medidas mais severas.

3.- Despois da declaración por parte da Presidencia de Augas de Galicia da alerta por seca, que, entre outros, afecta ao “sistema 1”, por parte do Concello de Vigo solicitouse ante a Xunta de Galicia a actualización dos estudos xa realizados sobre medidas extraordinarias que garantan o abastecemento de auga ao sistema de captación derivado do Embalse de Eiras. Neste sentido, o Alcalde de Vigo solicitou de “AUGAS DE GALICIA”, dúas medidas extraordinarias; a redución do caudal ecolóxico dos encoros de Eiras e Zamans, e a execución inmediata do “Azud previsto no “PLAN AUGA” para o reforzo do sistema de EIRAS en período de seca.

4.- Con data 21 de novembro de 2017, AUGAS DE GALICIA convocou para o 24 de novembro, a terceira xuntanza de coordinación por motivo da actual situación de seca que se está a sufrir nos sistemas de explotación 1 e 2 da demarcación Galicia-Costa.

De acordo cos temas tratados na dita reunión de coordinación, Augas de Galicia, remitiu nova convocatoria de reunión para o día 27 de novembro, aos concellos afectados pola situación de seca nas conchas dos sistemas de explotación 1 e 2, para o análises das alternativas para reforzo do sistema de abastecemento de Eiras dende o río Verdugo.

5.- Nesta xuntanza Augas de Galicia, propuxo dúas alternativas para o reforzo do sistema de abastecemento do encoro de Eiras dende o río Verdugo:

- Alternativa 1: captación desde presa Inferno e descarga en tubaría da traída Eiras – Vigo.
- Alternativa 2 : captación desde canal presa Laforet e descarga en tubaría da traída Eiras - Vigo.

Despois dun debate técnico destas dúas alternativas e tendo en conta a situación tan extraordinaria dos datos que sitúan a seca nun escenario próximo a declaración da fase de “escasez severa”, adoptouse a decisión unánime de que a “alternativa 2” é unha actuación inaprazable e, ademais, a mais viable, polo cal propónse estudar unha proposta de colaboración entre o Concello de Vigo e Augas de Galicia co obxecto de executar polo tramite de emerxencia dita actuación.

6.- Con data 1 de decembro o Concelleiro Delegado da Area de Fomento, remitiu contestación a Augas de Galicia, sobre o seu requirimento para que se poida iniciar de inmediato os trámites necesarios para a execución das obras de captación de auga no Río Verdugo, na cal se lle comunica que co fin de garantir a capacidade de abastecemento de auga potable ao municipio de Vigo e aos outros municipios beneficiarios do sistema de subministración do encoro de Eiras, o Concello de Vigo opta, de entre as dúas únicas opcións que se ofrecen por parte de Augas de Galicia, pola alternativa na que a execución das obras se realiza por Augas de Galicia e o Concello de Vigo financia o 80% do custe da actuación, asumindo tamén a súa titularidade, explotación, mantemento e conservación.

Con data 7 de decembro AUGAS DE GALICIA remite unha memoria técnica que recolle as propostas para a realización da actuación de CAPTACIÓN DE AGUA DO RÍO VERDUGO E A SÚA CONEXIÓN COA CANALIZACIÓN QUE CONECTA O ENCORO DE EIRAS CO SISTEMA DE ABASTECIMENTO DA ÁREA DE VIGO. Dita memoria foi realizada pola Enxeñería IDOM e coa dirección do Xerente de Augas de Galicia, Gonzalo Mosqueira Martínez, a cal conclúe que:

"unha vez realizadas os diferentes análises para cada unha das dúas alternativas, se procede a elección e proposta da que se considera a mais adecuada. Da valoración das alternativas se obtén que a elixida e a Alternativa 2.

Debido ao emprego de quendas e ao carácter da obra de emerxencia se estima que se pode realizar en tres meses e medio.

Debido a que a alternativa discorre por terreos tamén privados, considerase que será necesario realizar expropiacións/indemnización polo cal se estima unha inversión total duns 6.000.000 €.

7.- A Lei 9/2010, de 4 de novembro, de augas de Galicia realiza o reparto competencial en materia de augas e obras hidráulicas entre a Comunidade Autónoma e os entes locais de Galicia, e, no que ao presente expediente interesa, atribúe á Comunidade Autónoma de Galicia, no seu artigo 4.1.a), respecto das augas incluídas nas conchas hidrográficas intracomunitarias, competencia exclusiva na ordenación administrativa, planificación e xestión da auga superficial e subterránea, dos usos e aproveitamentos hidráulicas, así como das obras hidráulicas non cualificadas de interese xeral do Estado; e, aos entes locais, no artigo 5.1.a), o abastecemento a domicilio de auga potable e o seu control sanitario, que,

como competencia propia nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, lle recoñece aos municipios o artigo 25.2.c) da Lei Reguladora das Bases do Réxime Local: abastecemento de auga potable a domicilio.

De conformidade co artigo 24.1, a Lei 9/2010, de 4 de novembro, de augas de Galicia, a actuación das administracións públicas no ámbito do abastecemento terá por finalidade a garantía de subministración de auga en calidade e cantidade axeitada aos núcleos de poboación legalmente constituídos, nos termos establecidos na planificación.

Consecuentemente coa existencia de distintas administracións públicas competentes, para a consecución destes e dos restantes fins e obxectivos establecidos en materia de abastecemento, a Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, establece un mandato de colaboración entre as entidades locais, que ostentan competencias na materia, e a Comunidade Autónoma de Galicia. A natureza da colaboración pode ser técnica e/ou financeira e, sen prexuízo doutras técnicas de colaboración, poderá articularse a través da conclusión de convenios que garantan a devandita subministración de auga en calidade e cantidade axeitada ao núcleos de poboación.

8.- Augas de Galicia, entidade creada pola Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia e regulada polo Decreto 32/2012, do 12 de xaneiro, polo que se aproba o seu estatuto, é unha entidade pública empresarial do sector público autonómico de Galicia, adscrita á Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins e constitúe o medio, xunto co resto de órganos que integran a Administración hidráulica de Galicia, a través do cal a Comunidade Autónoma de Galicia exerce as súas competencias en materia de augas e obras hidráulicas.

9.- Augas de Galicia, no exercicio das súas competencias, tal e como vai dito, está a facer un seguimento da evolución da actual seca coa finalidade de minimizar os impactos ambientais, económicos e sociais que esta e, en xeral, as situacións de seca, poden provocar ao denominado sistema de explotación 1, que comprende o río Verdugo, a ría de Vigo e a ría de Baiona, no que se atopa o Concello de Vigo e a súa contorna.

10.- Que, como tamén vai arriba dito, os resultados deste seguimento evidencian a necesidade inaprazable de incrementar a dispoñibilidade de recursos hídricos para garantir o abastecemento domiciliario de auga potable á cidade de Vigo e os concellos da súa contorna; incremento de dispoñibilidade de recursos hídricos que ten de proporcionar a actuación a que se refire o convenio obxecto do presente expediente: a captación de auga no río Verdugo e a súa conexión coa canalización que une o encoro de Eiras coa estación de tratamento de auga potable do Casal, no Concello de Vigo.

11.- O artigo 124 do Texto Refundido da Lei de Augas, de 20 de xullo de 2001, prevé que as Comunidades Autónomas e as Entidades locais poderán celebrar convenios para a realización e financiamento conxunto de obras hidráulicas da súa competencia e o artigo 5.2 da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia dispón que as entidades locais, no exercicio das competencias establecidas no apartado 1), poderán executar obras hidráulicas, incluso as de interese da Comunidade Autónoma, mediante o correspondente acordo. Tamén o artigo 3 do Decreto 59/2013, de 14 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 9/2010, de 4 de novembro, de augas de Galicia, en materia de execución e explotación de obras hidráulicas, dentro do capítulo dedicado á colaboración técnica e financeira da Administración hidráulica de Galicia e as entidades locais, establece que poderá ser obxecto

da colaboración técnica e financeira que se regula no dito capítulo calquera obra correspondente aos servizos que compoñen o ciclo da auga, segundo quedan definidos no artigo 2.16 da lei 9/2010, entre as que se inclúe o abastecemento de auga en alta ou adución, que inclúe a captación, alumeamento e embalse dos recursos hídricos.

12.- Por último, a necesidade ineludible e inaprazable de dispoñer dos recursos hídricos necesarios para garantir a suficiencia e calidade da subministración de auga potable domiciliaria á cidade de Vigo e aos municipios que se serven directamente da auga desta, aconsellan a conclusión do convenio de colaboración que se propón entre augas de Galicia e o Concello de Vigo e o esforzo económico que a Administración municipal asume para a execución da dita infraestrutura.

III.- Obxecto do convenio e alcance da actuación:

O obxecto do convenio é establecer as condicións básicas para a colaboración entre Augas de Galicia e o Concello de Vigo que permitan cofinanciar, acometer e incorporar ao patrimonio público municipal a obra hidráulica de captación de auga do río Verdugo e a súa conexión coa canalización que une o encoro de Eiras co sistema de abastecemento da área de Vigo. Así mesmo esta actuación contempla a súa posta en servizo, a súa explotación e a súa conservación e mantemento, nos termos establecidos nas cláusulas do convenio.

Esta infraestrutura hidráulica responde á proposta contemplada na actuación do Plan Galego de Abastecemento, que prevé o reforzo do sistema de conducción de auga desde o encoro de Eiras para períodos de seca. A incidencia deste actuación ten un carácter supramunicipal xa este sistema afecta directamente aos municipios de Vigo, Redondela, Cangas do Morrazo, Moaña, Porriño, Mos, Gondomar, Soutomaior e Salceda de Caselas e indirectamente o Concello de Nigrán.

A obra hidráulica a desenvolver no marco do convenio, correspóndese coa memoria técnica que está a ser redactada por Augas de Galicia para a captación de auga dende o río Verdugo e a súa conexión coa canalización que une o encoro de Eiras co sistema de abastecemento da área de Vigo; actuación que ten un percorrido estimado de 6,675 km e unha estimación orzamentaria de 6.000.000 €, de acordo coa memoria técnica realizada pola Enxeñería IDOM e coa dirección do Xerente de Augas de Galicia, Gonzalo Mosqueira Martínez.

O interese xeral e a conveniencia na concertación do convenio, atopase referenciados nos resultados do seguimento do plan da seca, os cales evidencian a necesidade inaprazable de incrementar a dispoñibilidade de recursos hídricos para garantir o abastecemento domiciliario de auga potable á área de Vigo; incremento de dispoñibilidade de recursos hídricos que se pretende acadar coa actuación a que se refire o convenio: a captación de auga do río Verdugo e a súa conexión coa canalización que une o encoro de Eiras co sistema de abastecemento da área de Vigo. Isto sen prexuízo do compromiso de ambas Administracións de realizar os estudos necesarios doutras medidas de carácter estratéxico co obxectivo de garantir o abastecemento futuro á área de Vigo.

IV.- Compromisos de colaboración entre as partes:

O Convenio regula as pautas de colaboración entre o Concello de Vigo e Augas de Galicia, para cofinanciar, acometer e incorporar ao patrimonio público municipal a obra hidráulica de

captación de auga do río Verdugo e a súa conexión coa canalización que une o encoro de Eiras co sistema de abastecemento da área de Vigo.

O investimento vinculado ao convenio será definido a través do estudo e redacción da documentación técnica básica que serva de base para a execución da actuación desta obra hidráulica, con carácter de emerxencia, de acordo coa proposta inicial redactada sobre a captación de auga do río Verdugo e a súa conexión coa canalización que une o encoro de Eiras co sistema de abastecemento da área de Vigo.

V.- Financiamento das obras

O orzamento das actuacións obxecto deste convenio teñen un coste estimado de 6.000.000 €, que se financiará de acordo co seguinte reparto:

- 80% do coste total con cargo as achegas do Concello de Vigo, cun importe estimado de 4.800.000 €.
- 20% do coste total con cargo as achegas de Augas de Galicia, cun importe estimado de 1.200.000 €.

Augas de Galicia achegará 1.200.000 € euros no ano 2018 para o que dispón de crédito na correspondente conta do PAIF. Por acordo do Consello da Xunta do 19 de outubro de 2017, aprobouse o proxecto de Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2018. Para os efectos da tramitación do expediente de gasto, resulta de aplicación o establecido na Orde do 11 de febreiro de 1998, pola que se regula a tramitación anticipada de expedientes de gasto, modificada polas Ordes do 27 de novembro de 2000 e do 25 de outubro de 2001; quedando condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente nos orzamentos da Comunidade Autónoma para o ano 2018.

O Concello de Vigo comprométese a que unha vez que se atope en vigor o Orzamento Municipal correspondente ao exercicio 2018, e para facer fronte á contía máxima dos compromisos financeiros asumidos polo Concello de Vigo coa firma do presente convenio, o Concello de Vigo comprométese a dotar, coa máxima celeridade posible, a cantidade de 4.800.000,00 euros na aplicación orzamentaria 161.7530000 do estado de gastos do Orzamento do devandito exercicio, a través da oportuna modificación orzamentaria que corresponda.

VI.- Cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira

En relación ao análise técnico económico que se deriva das previsións de funcionamento dos proxectos de infraestruturas vinculadas a este convenio e necesario indicar os seguintes aspectos sobre as repercusións e efectos económicos destas infraestruturas en relación as esixencias determinadas no artigo 7.3 da Lei Orgánica 2/2012 de 27 de abril de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira:

a.- Alcance e obxecto das actuacións: Como se pode desprender da condición inaprazable deste actuación, pódese indicar que a mesma ten por obxecto ampliar o período de garantía de abastecemento do embalse de Eiras, e como tal medida de emerxencia, evitará a necesidade de ter que tomar outras actuacións extraordinarias para garantir o abastecemento de auga con custes superiores.

b.- Sobre as obrigas derivadas para o Concello de Vigo da posta en servizo, a explotación e conservación e mantemento, da nova infraestrutura, cómpre indicar que a mesma se atopa vinculada ás obrigas do actual concesionario do sistema de abastecemento e saneamento do Concello de Vigo, xa que unha vez recibidas as obras, deberá procederse a adscrición das mesmas ao actual contrato. En base a esta desvinculación os custes económicos derivados das obrigas do mantemento desta nova infraestrutura estarán relacionados co ámbito económico do actual contrato e de acordo con esta condición deberemos ter en conta os seguintes condicionantes:

- Trátase dunha obra nova que atopase suxeita no primeiro ano de vida os proceso de garantía.
- O seu funcionamento atopase vinculado a situacións excepcionais, polo cal o seu uso estará relacionado con períodos puntuais.
- As condicións técnicas da proposta elixida son as que teñen unha menor incidencia nos posibles custes de enerxía eléctrica.
- A posta en funcionamento deste reforzo na conducción de auga ao sistema da ETAP do Casal en Vigo, terá unha incidencia na mellora da calidade de auga e polo tanto, os gastos de mantemento ordinario, durante os anos que se atopan relacionadas co vixencia do actual contrato, terán unha incidencia equilibradora nos períodos de seca. Polo cal entendese que os mesmos non deberán producir desaxustes económicos de consideración.

Como conclusión, o investimento proxectado, atópase cualificado como unha actuación inaprazable e de emerxencia para o sistema de abastecemento de auga en situación de seca. En consecuencia, en relación ao obxecto do convenio entre o Concello de Vigo e Augas de Galicia, pódese afirmar que a execución deste convenio posibilitará unha actuación eficiente para poder garantir, en caso de emerxencia por seca, o abastecemento de auga potable a Vigo e o citado investimento pode cualificarse como unha actuación xeradora de aforro, ante a necesidade doutras actuacións de emerxencia con mais custes e por outro lado a previsión de novos gastos en relación ao seu mantemento, que soamente poderán ser concretados unha vez finalizadas as actuacións, teñen unha orientación de certo equilibrio, quedando a súa determinación para o proceso de adscrición da obra no marco da actual concesión de xestión do abastecemento de auga na cidade de Vigo.

VII.-Procedemento e competencia

Consta no expediente de aprobación do convenio os documentos necesarios para a súa tramitación: orde de inicio, informe técnico, memoria do convenio e texto do mesmo, e informe xurídico

O artigo 124 do Texto Refundido da Lei de Augas, de 20 de xullo de 2001, prevé que as Comunidades Autónomas e as Entidades locais poderán celebrar convenios para a realización e financiamento conxunto de obras hidráulicas da súa competencia e o artigo 5.2 da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia dispón que as entidades locais, no exercicio das competencias establecidas no apartado 1), poderán executar obras hidráulicas, incluso as de interese da Comunidade Autónoma, mediante o correspondente acordo. Tamén o 3 do Decreto 59/2013, de 14 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 9/2010, de 4 de novembro, de augas de Galicia, en materia de execución e explotación de obras hidráulicas, dentro do capítulo dedicado á colaboración técnica e financeira da Administración hidráulica de Galicia e as entidades locais, establece que poderá ser obxecto da colaboración técnica e financeira que se regula no dito capítulo calquera obra

correspondente aos servizos que compoñen o ciclo da auga, segundo quedan definidos no artigo 2.16 da lei 9/2010, entre as que se inclúe o abastecemento de auga en alta ou adución, que inclúe a captación, alumeamento e embalse dos recursos hídricos.

Que a necesidade ineludible e inaprazable de dispoñer dos recursos hídricos necesarios para garantir a suficiencia e calidade da subministración de auga potable domiciliaria á cidade de Vigo e aos municipios que se serven directamente da auga desta, determinan o presente convenio de colaboración entre augas de Galicia e o Concello de Vigo e o esforzo económico que a Administración municipal asume para a execución da infraestrutura obxecto do presente convenio

Antes da súa aprobación pola Xunta de Goberno, deberá emitir informe a Intervención Xeral do Concello.

De conformidade co artigo 127.1.g) LRBRL, corresponderá á Xunta de Goberno Local a aprobación do convenio .

O art. 8.1. letra "b" da Lei de transparencia obriga a dar publicidade do convenio que se aprobe.

Á vista das anteriores circunstancias, e previo informe da Intervención Xeral, formúlase á Xunta de Goberno Local, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a seguinte

PROPOSTA

Primeiro.- Aprobar o CONVENIO ENTRE A ENTIDADE PÚBLICA EMPRESARIAL AUGAS DE GALICIA E O CONCELLO DE VIGO PARA A EXECUCIÓN DA ACTUACIÓN DE CAPTACIÓN DE AUGA DO RÍO VERDUGO E A SÚA CONEXIÓN COA CANALIZACIÓN QUE CONECTA O ENCORO DE EIRAS CO SISTEMA DE ABASTECIMENTO DA ÁREA DE VIGO (PONTEVEDRA), transcrito no Anexo da presente.

Segundo: Autorizar e comprometer as obrigas económicas do convenio para o Concello de Vigo nos termos do mesmo.

- 80% do coste total con cargo as achegas do Concello de Vigo, cun importe estimado de 4.800.000 €.

A tal fin o Concello de Vigo comprométese a que unha vez que se atope en vigor o Orzamento Municipal correspondente ao exercicio 2018, e para facer fronte á contía máxima dos compromisos financeiros asumidos polo Concello de Vigo coa firma do presente convenio, o Concello de Vigo comprométese a dotar, coa máxima celeridade posible, a cantidade de 4.800.000,00 euros na aplicación orzamentaria 161.7530000 do estado de gastos do Orzamento do devandito exercicio, a través da oportuna modificación orzamentaria que corresponda.

Terceiro.- Solicitar da entidade pública empresarial Augas de Galicia a aprobación e subscripción do convenio que se anexa para a execución da actuación de CAPTACIÓN DE AUGA DO RÍO VERDUGO E A SÚA CONEXIÓN COA CANALIZACIÓN QUE CONECTA O ENCORO DE EIRAS CO SISTEMA DE ABASTECIMENTO DA ÁREA DE VIGO (PONTEVEDRA)

Cuarto.- Comprometerse a dar cumprimento ás condicións do convenio nos termos do mesmo.

Quinto.- Dar conta do presente acordo á Concellería de Xestión municipal ós efectos de publicidade

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A ENTIDADE PÚBLICA EMPRESARIAL AUGAS DE GALICIA E O CONCELLO DE VIGO PARA A EXECUCIÓN DA ACTUACIÓN DE CAPTACIÓN DE AUGA DO RÍO VERDUGO E A SÚA CONEXIÓN COA CANALIZACIÓN QUE CONECTA O ENCORO DE EIRAS CO SISTEMA DE ABASTECIMENTO DA ÁREA DE VIGO (PONTEVEDRA)

Lugar, data

REUNIDOS

Dunha parte, Beatriz Mato Otero, conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, en nome e representación da entidade pública empresarial Augas de Galicia, no exercicio das funcións atribuídas polos artigos 13 da Lei 9/2010 e 6 do Estatuto da entidade pública empresarial Augas de Galicia, aprobado polo Decreto 32/2012, do 12 de xaneiro.

Doutra, Abel Caballero Álvarez, Alcalde-Presidente do Concello de Vigo, na representación legal que desta Administración municipal lle atribúe o artigo 124.4.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

EXPOÑEN

Primeiro.- Que o Texto Refundido da Lei de Augas, de 20 de xullo de 2001, no seu artigo 124, atribúe a competencia en materia de obras hidráulicas que non sexan de interese xeral do Estado ás Comunidades autónomas e ás entidades locais, de acordo cos seus respectivos estatutos de autonomía e leis de desenvolvemento, e a lexislación de réxime local.

Segundo.- Que a Lei 9/2010, de 4 de novembro, de augas de Galicia realiza o reparto competencial en materia de augas e obras hidráulicas entre a Comunidade Autónoma e os entes locais de Galicia, e, no que ao presente convenio interesa, atribúe á Comunidade Autónoma de Galicia, no seu artigo 4.1.a), respecto das augas incluídas nas concas hidrográficas intracomunitarias, competencia exclusiva na ordenación administrativa, planificación e xestión da auga superficial e subterránea, dos usos e aproveitamentos hidráulicos, así como das obras hidráulicas non cualificadas de interese xeral do Estado; e, aos entes locais, no artigo 5.1.a), o abastecemento a domicilio de auga potable e o seu control sanitario, que, como competencia propia nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, lle recoñece aos municipios o artigo 25.2.c) da Lei Reguladora das Bases do Réxime Local: abastecemento de auga potable a domicilio.

A actuación das administracións públicas no ámbito do abastecemento terá por finalidade a garantía de subministración de auga en calidade e cantidade axeitada aos núcleos de poboación legalmente constituídos, nos termos establecidos na planificación.

Consecuentemente coa existencia de distintas administracións públicas competentes, para a consecución destes e dos restantes fins e obxectivos establecidos en materia de abastecemento, a Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, establece un mandato de colaboración entre as entidades locais, que ostentan competencias na materia, e a Comunidade Autónoma de Galicia. A natureza da colaboración pode ser técnica e/ou

financeira e, sen prexuízo doutras técnicas de colaboración, poderá articularse a través da conclusión de convenios que garantan a devandita subministración de auga en calidade e cantidade axeitada ao núcleos de poboación.

Terceiro.- Que Augas de Galicia, entidade creada pola Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia e regulada polo Decreto 32/2012, do 12 de xaneiro, polo que se aproba o seu estatuto é unha entidade pública empresarial do sector público autonómico de Galicia, adscrita á Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins e constitúe o medio, xunto co resto de órganos que integran a Administración hidráulica de Galicia, a través do cal a Comunidade Autónoma de Galicia exerce as súas competencias en materia de augas e obras hidráulicas.

Cuarto.- Que Augas de Galicia, no exercicio das súas competencias, está a facer un seguimento da evolución da actual seca coa finalidade de minimizar os impactos ambientais, económicos e sociais que esta e, en xeral, as situacións de seca, poden provocar ao denominado sistema de explotación 1, que comprende o río Verdugo, a ría de Vigo e a ría de Baiona, no que se atopa o Concello de Vigo e a súa contorna.

Quinto.- Que os resultados deste seguimento evidencian a necesidade inaprazable de incrementar a dispoñibilidade de recursos hídricos para garantir o abastecemento domiciliario de auga potable á área de Vigo; incremento de dispoñibilidade de recursos hídricos que se pretende acadar coa actuación a que se refire o presente convenio: a captación de auga do río Verdugo e a súa conexión coa canalización que une o encoro de Eiras co sistema de abastecemento da área de Vigo.

Sexto.- Que o devandito artigo 124 do Texto Refundido da Lei de Augas, de 20 de xullo de 2001, prevé que as comunidades autónomas e as entidades locais poderán celebrar convenios para a realización e financiamento conxunto de obras hidráulicas da súa competencia e o artigo 30 da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, dispón que a Administración da Comunidade Autónoma de Galicia colaborará con lealdade coa Administración Xeral do Estado e as entidades locais. A eses efectos e sen prexuízo doutras técnicas de colaboración, celebraranse os convenios que sexan precisos para acadar os obxectivos das políticas de abastecemento e saneamento e depuración establecidos no artigo 24 do mesmo texto.

Sétimo.- Que a necesidade ineludible e inaprazable de dispoñer dos recursos hídricos necesarios para garantir a suficiencia e calidade da subministración de auga potable domiciliaria na área de Vigo determinan a necesidade da subscripción deste convenio para a execución, como obra de emerxencia, da actuación obxecto del. Sen prexuízo do compromiso de ambas Administracións de realizar os estudos necesarios doutras medidas de carácter estratéxico co obxectivo de garantir o abastecemento futuro á área de Vigo.

Este convenio queda suxeito ás seguintes

CLÁUSULAS

1.- OBXECTO DO CONVENIO

É obxecto deste convenio establecer as condicións básicas para a colaboración entre Augas de Galicia e o Concello de Vigo que permitan cofinanciar, acometer e incorporar ao patrimonio público municipal a obra hidráulica de captación de auga do río Verdugo e a súa conexión coa canalización que une o encoro de Eiras co sistema de abastecemento da área de Vigo. Así mesmo esta actuación contempla a súa posta en servizo, a súa explotación e a súa conservación e mantemento, nos termos establecidos nas cláusulas seguintes.

2.- ALCANCE DA ACTUACIÓN

A obra hidráulica a desenvolver no marco deste convenio, correspóndese coa memoria técnica que está a ser redactada por Augas de Galicia e, que de forma xeral, busca a captación de auga dende o río Verdugo e a súa conexión coa canalización que une o encoro de Eiras co sistema de abastecemento da área de Vigo. A dita actuación ten un percorrido estimado de 6,675 km e unha estimación orzamentaria de 6.000.000 €.

3.- OBRIGAS XERAIS DE AUGAS DE GALICIA

Para o cumprimento do obxecto deste convenio, Augas de Galicia obrígase a:

- O estudo e redacción da documentación técnica básica que serva de base para a execución da actuación desta obra hidráulica, con carácter de emerxencia, de acordo coa proposta inicial redactada sobre a captación de auga do río Verdugo e a súa conexión coa canalización que une o encoro de Eiras co sistema de abastecemento da área de Vigo.
- A tramitación do procedemento expropiatorio dos bens e dereitos afectados pola execución das obras.
- Levar a cabo as actuacións consistentes na contratación da execución e dirección das obras. A súa xestión ata completar a súa finalización e formalizar os actos de recepción de conformidade co estipulado no artigo 235 do Texto refundido da Lei de contratos do Sector Público, aprobado polo Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, e cos efectos sinalados na cláusula sexta.

As actuacións expresadas abarcan, se fose o caso, as execucións de modificacións xustificadas das obras, ata que as construcións merezan a plena conformidade de Augas de Galicia, por producirse o acto formal de recepción e atoparse en condicións de ser entregadas ao concello para a súa incorporación ao servizo e uso público.

- Controlar a calidade e a seguranza e saúde das obras de referencia durante a súa execución.
- Colaborar co concello na axilización e tramitación do procedemento de legalización da captación de auga.
- Durante o prazo de garantía das obras de referencia, reparar aqueles defectos imputables á súa execución e que se manifesten con posterioridade ao acto de recepción. Esta garantía non cubrirá os danos por un uso inadecuado das

instalacións, nin os debidos a actos vandálicos, nin as deterioracións debidas ao paso do tempo, nin defectos ou danos por incumprimentos da normativa sanitaria ou en materia de vertidos.

- No ámbito das súas facultades, colaborar co concello no desempeño das súas obrigas e afrontar e intentar resolver, conforme aos principios de boa fe e lealdade, calquera dificultades ou problemas que poidan xurdir no desenvolvemento da actuación, tendo como único criterio da súa xestión, o logro dos obxectivos que se pretenden alcanzar con esta obra hidráulica.

4.- OBRIGAS XERAIS DO CONCELLO DE VIGO

Para o cumprimento do obxecto deste convenio, o Concello de Vigo obrígase a:

- Financiar a obra de acordo co disposto na cláusula quinta deste convenio.
- Prestar, con carácter previo á licitación das obras de referencia por parte de Augas de Galicia, conformidade coa documentación técnica básica que serva de base para a execución da actuación.
- Recibir as obras e, como titular delas, asumir a súa posta en servizo, explotación, mantemento e conservación.
- A utilización das instalacións executadas de acordo coa finalidade prevista.
- No ámbito das súas facultades, colaborar coa Xunta de Galicia a través de Augas de Galicia no desempeño das súas obrigas e afrontar e intentar resolver, conforme aos principios de boa fe e lealdade, calquera dificultades ou problemas que poidan xurdir no desenvolvemento da actuación, tendo como único criterio da súa xestión, o logro dos obxectivos que se pretenden alcanzar con esta obra hidráulica.

5.- FINANCIAMENTO DAS OBRAS

O orzamento das actuacións obxecto deste convenio ten un coste estimado de 6.000.000 €, que se financiará de acordo co seguinte reparto:

- 80% do coste total con cargo as achegas do Concello de Vigo, cun importe estimado de 4.800.000 €.
- 20% do coste total con cargo as achegas de Augas de Galicia, cun importe estimado de 1.200.000 €.

Augas de Galicia achegará 1.200.000 € euros no ano 2018 para o que dispón de crédito na correspondente conta do PAIF. Por acordo do Consello da Xunta do 19 de outubro de 2017, aprobouse o proxecto de Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2018. Para os efectos da tramitación do expediente de gasto, resulta de aplicación o establecido na Orde do 11 de febreiro de 1998, pola que se regula a tramitación anticipada de expedientes de gasto, modificada polas Ordes do 27 de novembro de 2000 e

do 25 de outubro de 2001; quedando condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente nos orzamentos da Comunidade Autónoma para o ano 2018.

Para facer fronte á contía máxima dos compromisos financeiros asumidos neste convenio, o Concello de Vigo comprométese, unha vez que se atope en vigor o Orzamento Municipal correspondente ao exercicio 2018, a dotar, coa máxima celeridade posible, a cantidade de 4.800.000,00 euros na aplicación orzamentaria 161.7530000 do estado de gastos do Orzamento do devandito exercicio, a través da oportuna modificación orzamentaria que corresponda, quedando condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente nos orzamentos do Concello de Vigo para o ano 2018.

As partes asumen na mesma proporción as variacións económicas que se poidan producir, á alza ou á baixa, por modificacións, revisións de prezos, obras complementarias e outras incidencias de calquera natureza, que sexan aprobadas por Augas de Galicia, previo informe da comisión de seguimento deste convenio.

Calquera modificación sobre o ámbito das actuacións previstas inicialmente que supoñan un incremento dos importes máximos indicados e sempre dentro das porcentaxes de cofinanciación para cada administración deberá dar lugar á tramitación de addendas ao convenio, previo informe e proposta da comisión de seguimento.

O Concello de Vigo abonará directamente a cantidade que lle corresponde á entidade pública empresarial Augas de Galicia, tras as solicitudes correspondentes e previa xustificación do investimento efectuado. Para tales efectos, Augas de Galicia remitiralle mensualmente os documentos acreditativos do gasto certificado, é dicir: copia compulsada das certificacións e facturas e certificación de que está contabilizado o gasto. Unha vez recibida a dita documentación o Concello de Vigo deberá abonar a Augas de Galicia a cantidade reclamada nun prazo de 30 días naturais.

Entenderase por custo do investimento o importe total que representa a execución da infraestrutura hidráulica obxecto deste convenio, no que Augas de Galicia incorrese desde o inicio dela ata a súa posta en condicións de funcionamento definitivo. Sen que a descrición sexa limitativa, incluíranse, entre outros, os seguintes conceptos:

- Custo de execución final das obras.
- Custo de todos os contratos necesarios para a adecuada execución das obras, xa sexan de redacción de estudos, anteproxectos, proxectos básicos ou proxectos, de servizos ou de calquera outra natureza.
- Taxas e impostos directamente relacionados coas obras e asumidos por Augas de Galicia.
- Custo de expropiación de bens e dereitos afectados.
- Custo da acometida eléctrica necesaria para infraestrutura, de ser o caso.

6.- TITULARIDADE E ENTREGA DAS OBRAS

Titularidade das obras.- O Concello de Vigo recibirá as obras e asumirá a súa titularidade e a súa posta en servizo, explotación, mantemento e conservación.

Entrega.- Augas de Galicia, unha vez producido o acto formal de recepción das obras, ao que se convocará a un representante do Concello de Vigo, ente que, asume a obriga de

recibidas no momento no que estas sexan postas á súa disposición, iniciándose o cumprimento e a execución por parte do concello das prestacións derivadas das obrigas contraídas en virtude deste convenio e da normativa de aplicación en canto ao seu mantemento e conservación.

Para estes efectos, a recepción por parte do Concello de Vigo da notificación que efectúe Augas de Galicia, onde se deixe constancia do remate das obras de referencia así como da súa recepción en conformidade por parte de Augas de Galicia, suporá a perda da posesión inmediata das instalacións por parte de Augas de Galicia e equivalerá a súa posta a disposición a favor do concello, entendendo que estas quedan sometidas á esfera da súa vontade. Polo tanto, considerándose entregadas as obras de referencia, darase inicio para o concello, a partir desta data de recepción da notificación, como titular e posuidor inmediato, ao cumprimento e á execución das prestacións derivadas das obrigas contraídas en virtude deste convenio e as establecidas na normativa de aplicación en canto á súa explotación, mantemento e conservación.

O réxime anterior será de aplicación no caso de existir recepcións parciais de obra, sempre e cando as obras recibidas por Augas de Galicia en conformidade poidan ser destinados ao uso público con independencia do resto de obra pendente de recibir, cuxa posta a disposición do concello terá lugar, do mesmo xeito, unha vez efectuada a súa recepción.

Non obstante o anterior, Augas de Galicia, de acordo co regulado neste convenio e no disposto na Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, conservará, unha vez entregadas as obras de referencia ao concello, as competencias relativas á inspección facultativa delas e poderá ordenar os traballos necesarios para a boa utilización das obras, o que será de obrigado cumprimento para a entidade local.

7.- RELACIÓN LABORAL

A subscrición deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera tipo con carácter indefinido, entre os profesionais que desenvolvan as actividades e a entidade pública empresarial Augas de Galicia, de tal xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos ocorridos no desenvolvemento deste.

8.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Constituirase, a iniciativa de calquera das partes, unha comisión formada por dous representantes de Augas de Galicia, outros dous representantes do Concello de Vigo, para desenvolver as seguintes actuacións:

- Impulsar e avaliar o cumprimento deste convenio, propoñendo as actuacións que se consideren precisas.
- Interpretar, en caso de dúbida, o contido do convenio.
- Propoñer ás partes a resolución das posibles controversias que puideran xurdir na aplicación do convenio.
- A comisión de seguimento, previo informe da dirección facultativa da obra, deberá coñecer aquelas incidencias relevantes con repercusión na marcha da actuación, os prazos de

execución e, especialmente as que teñan incidencia económica no investimento previsto na cláusula quinta, sendo preceptivo o acordo unánime para toda modificación das actuacións previstas na documentación técnica básica que serve de base para a execución da actuación, traballos complementarios ou outra incidencia similar.

Actuará como presidente un dos representantes de Augas de Galicia.

Esta comisión reunirse as veces que se estimen oportunas para o cumprimento do convenio.

Os membros desta comisión de seguimento poderán asistir ás reunións desta acompañados do persoal técnico que consideren oportuno. Ademais, cando se considere oportuno, a comisión de seguimento poderá requirir a asistencia técnica necesaria para a avaliación e análise das distintas cuestións sobre as que deban adoptarse acordos.

9.- NATUREZA DO CONVENIO

Este convenio de colaboración ten natureza administrativa, rexendo na súa interpretación e desenvolvemento o ordenamento xurídico-administrativo.

Todo litixio, controversia ou reclamación resultante deste convenio ou relativo a este, á súa interpretación ou execución, ao seu incumprimento, resolución ou nulidade, resolverase pola xurisdición contencioso-administrativa.

10.- VIXENCIA DO CONVENIO

O convenio terá efectos desde a data da súa sinatura e estenderá a súa vixencia ata o 31.12.2018. Porén, seguirá producindo efectos en tanto se manteñan as obrigas pendentes de cada unha das partes recollidas neste convenio.

11.- MODIFICACIÓN DO CONVENIO

Calquera modificación no contido deste convenio, requirirá acordo unánime entre Augas de Galicia e o Concello de Vigo, previo informe da comisión de seguimento e tramitarse a través dunha addenda ao mesmo.

12.- EXTINCIÓN DO CONVENIO

Será causa de extinción automática do convenio:

- o cumprimento do seu obxecto,
- o transcurso do seu prazo de vixencia

Ese convenio tamén poderá extinguirse por incorrer nalgunha das seguintes causas de resolución:

- o mutuo acordo entre as partes asinantes,

- a inviabilidade da realización das actuacións descritas neste convenio, por causas non imputables ás partes

A resolución con causa nalgún dos supostos anteriores non levará asociada indemnización a ningunha das partes.

Ademais, será causa de extinción por resolución o incumprimento do contido do Convenio ou das obrigas establecidas para cada unha das partes, sen prexuízo da esixibilidade dos danos e responsabilidades imputables ao causante, que, no seu caso, incluírá a indemnización que lle corresponda aos contratistas como consecuencia da resolución do contrato ou demora no inicio ou na execución das obras. Neste suposto, antes da resolución do convenio, a outra parte deberá notificar á parte incumpridora un requirimento cun prazo máximo para que leve a cabo os compromisos que se consideran incumpridos. Unha vez transcorrido ese prazo, se persiste o incumprimento, a parte que dirixiu o requirimento notificará á outra parte a concorrencia da causa de resolución e entenderase resolto o convenio.

No suposto de que o convenio se extinga por causas imputables ao concello, as instalacións executadas ata ese momento poráñse a disposición desta entidade local, considerándose a todos os efectos entregadas ao concello titular delas, con efectos liberatorios para Augas de Galicia e con obriga para a entidade local de pagar a parte das obras executadas.

Non obstante todo o anterior, se cando concorra calquera das causas de resolución do convenio existen actuacións en execución, as partes, a proposta da comisión de seguimento, poderán acordar a continuación e finalización das actuacións en curso que se consideren oportunas, establecendo un prazo improrrogable para a súa finalización. Neste caso, durante o transcurso deste prazo, as cuestións relativas á titularidade das obras e a cesión da posesión rexeranse polo disposto na cláusula sexta deste convenio.

13.- RESPONSABILIDADE POR INCUMPRIMENTO DO DEREITO DA UNIÓN EUROPEA

De acordo co previsto no artigo 5.4 do Real decreto 515/2013, do 5 de xullo, polo que se regulan os criterios e o procedemento para determinar e repercutir as responsabilidades por incumprimento do dereito da Unión Europea, o réxime de obrigas e responsabilidades por incumprimentos que contén este convenio, considérase instrumento axeitado para a determinación das correspondentes responsabilidades.

14.- PUBLICIDADE

A sinatura deste convenio suporá o consentimento expreso das partes asinantes para incluír e facer públicos os datos persoais que consten no convenio, e mailo resto de especificacións contidas nel, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e o Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia.

Así mesmo en toda a documentación e información relativas ao obxecto deste convenio incluírase a imaxe corporativa que a este fin faciliten, en todos os formatos, a Xunta de

Galicia a través de Augas de Galicia e o Concello de Vigo, e nelas figurará de maneira homoxénea o financiamento da actuación por ambas administracións.

E para que así conste, en proba de conformidade coas cláusulas deste convenio, asinan as partes o presente documento por triplicado exemplar, no lugar e data do encabezado.

16(1426).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA A MELLORA DE INSTALACIÓNS DEPORTIVAS NO TERMO MUNICIPAL DE VIGO. EXPTE. 4969/440.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 9/11/17 e o informe de fiscalización de data 29/12/17, dáse conta do informe-proposta de data 28/12/17, asinado polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario, o xefe da Área de Investimentos, o concelleiro delegado de Fomento e o concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES:

1.- No exercicio das súas respectivas competencias, a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Vigo, con data 20 de novembro de 2015, asinaron un protocolo de colaboración en orde a afondar na colaboración administrativa entre ambas institucións e, especialmente, para a cooperación na planificación e execución dos proxectos e actuacións que no propio convenio se sinalan; actuacións e proxectos entre os que se inclúen, no que ao presente convenio importa, aquelas actuacións de mellora e ampliación da rede de infraestruturas deportivas públicas.

2.- O Concello de Vigo, continuando as amplas intervencións realizadas nos últimos anos en relación as instalacións deportivas de titularidade pública, pretende executar os seguintes proxectos de obra de mellora e modernización das instalacións deportivas:

Investimento
• Renovación das instalacións de céspede sintético en campos de fútbol municipais e a mellora dos sistemas de alumado artificial e instalacións técnicas.
• Nova instalación deportiva cuberta na rúa Romil 77
• A renovación integral de dous pavillóns deportivos e a grada de río.
• Construción pavillón deportivo cuberto e instalacións complementarios en Quirós

3.- Co obxecto de proceder ás citadas obras de mellora destas infraestruturas con data 09/10/2017, redactase memoria valorada das mesmas por parte do Enxeñeiro de Caminos, Canais e Portos municipal e do Xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos, Inspección Técnica de Obras e Asistencia Técnica Municipal, que identifica o alcance técnico e económico das inversións de acordo cos seguintes importes:

Investimento
Renovación das instalacións de céspede sintético en campos de fútbol municipais e a mellora dos sistemas de alumado artificial e instalacións técnicas.

Alcance económico da actuación:
2.900.000,00 €

Investimento
Nova instalación deportiva cuberta na rúa Romil 77.
Alcance económico da actuación:
2.191.542,30 €

Investimento
A renovación integral de dous pavillóns deportivos e a grada de río..
Alcance económico da actuación:
1.124.523,25 €

Investimento
Construción pavillón deportivo cuberto e instalacións complementarios en Quirós
Alcance económico da actuación:
2.985.431,06 €

4.- En data 24.10.17, o Concelleiro delegado de Fomento, resolveu iniciar o expediente para a elaboración e aprobación de ser o caso por parte do Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra dun convenio para a cofinanciación e a execución das obras precisas para o desenvolvemento do proxectos de mellora da infraestrutura deportiva da Cidade propostos neste expediente

5.- O xefe da Area de Inversións e o Xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos, Inspección Técnica de Obras e Asistencia Técnica Municipal, co conforme do Concelleiro delegado da Área de Fomento á vista do protocolo de Colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Vigo para a execución de actuacións estratéxicas de mellora e ampliación da rede de infraestruturas deportivas públicas, asinado o 20.11.2015 redacta "Memoria xustificativa do convenio de colaboración entre o CONCELLO DE VIGO E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA A MELLORA DE INSTALACIÓNS DEPORTIVAS NO TERMO MUNICIPAL DE VIGO", xuntando borrador de convenio, cuxo obxecto é articular o réxime de colaboración entre o Concello e a Deputación para a financiación dos investimentos vinculados ao presente convenio, os cales serán definidos nos correspondentes proxectos técnicos que concretarán as actuacións a realizar en cada unha das instalacións deportivas de acordo coa memoria valorada realizada polos técnicos municipais de data 09/10/2017.

6.- O xefe Servizo Xurídico Servizos Xerais, emite informe xurídico concluíndo que non existe non existe inconveniente legal para que a Xunta de Goberno Local aprobe o convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Vigo para a mellora de instalacións deportivas no termo municipal de Vigo.

II.- FUNDAMENTOS

1.- Lexislación aplicable

- Normativa reguladora da contratación das Corporacións locais, constituída pola polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido de la Lei de Contratos del Sector Público e RD 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos
- Lei 30/1992, de 30 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común
- Lei 19/2013, de 9 de decembro de Transparencia
- Lei 7/1985, de 2 abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL)
- Lei de administración local de Galicia, 5/1997, do 22 de xullo
- Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local
- RDL 781/1996, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)RD 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de bens das entidades locais (RBEL)
- Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais
- Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións
- RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento da lei xeral de subvencións
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia
- Decreto 11/2009 de 8 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións de Galicia
- Bases de execución orzamento Concello de Vigo 2017

III.- Convenio

A celebración de convenios de colaboración entre entidades de dereito público, atópase prevista nos artigos 6 Lei 30/1992 de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común (LRXAPPAC), sinalando o apartado segundo do mesmo o contido propio dos instrumentos de formalización dos convenios, así como 194 e 195 da Lei 5/1997, de administración local de Galicia

En canto ó seu contido, axustado á lexislación de procedemento administrativo e de subvencións, detállase no informe xurídico obrante no expediente.

O interese xeral e a conveniencia na concertación do convenio, recóllese na Memoria xustificativa do convenio, documento obrigado segundo sinala o art 199 LALG.

O Convenio regula as pautas de colaboración entre o Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra para a realización das obras de renovación, actualización e mellora de diversas instalacións deportivas no termo municipal de Vigo.

Os investimentos vinculados ao presente convenio serán definidos nos correspondentes proxectos técnicos que concretarán as actuacións a realizar en cada unha das instalacións deportivas de acordo coa memoria valorada realizada polos técnicos municipais de data 09/10/2017, que consta no presente expediente.

En todo caso, os proxectos dos investimentos a desenvolver terán relación directa coa:

- Renovación das instalacións de céspede sintético en campos de fútbol municipais e mellora dos sistemas de alumeado artificial e instalacións técnicas, cun orzamento previsto de 2.900.000,00 euros.

- A nova instalación deportiva cuberta na rúa Romil 77, cun orzamento previsto de 2.191.542,30 euros.
- A renovación integral de dous pavillóns deportivos e a grada de río, cun orzamento previsto de 1.124.523,25 euros.
- Construción pavillón deportivo cuberto e instalacións complementarias en Quirós, cun orzamento previsto de 2.985.431,06 euros.

IV.-Procedemento e competencia

Consta no expediente de aprobación do convenio os documentos necesarios para a súa tramitación: orde de inicio, informe técnico, memoria do convenio e texto do mesmo e informe xurídico.

Que o artigo 25. 2. l) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local atribúe ás Administracións Municipais competencia en materia de promoción do deporte e instalacións deportivas.

En relación a competencia para o desenvolvemento do presente expediente, debese atender a resolución do Alcalde de data 21 de abril de 2017, na cal entre outros asuntos resolveu delegar no Concelleiro da Área de Fomento, Limpeza e Contratación as atribucións precisas para a coordinación, dirección política, xestión, seguimento, tramitación e execución dos expedientes administrativos necesarios para o desenvolvemento da construción de novos pavillóns deportivos”.

Antes da súa aprobación pola Xunta de Goberno, deberá emitir informe a Intervención Xeral do Concello.

De conformidade co artigo 127.1.g) LRBRL, corresponderá á Xunta de Goberno Local a aprobación do convenio .

O art. 8.1. letra “b” da Lei de transparencia obriga a dar publicidade do convenio que se aprobe.

Á vista das anteriores circunstancias, e previo informe da Intervención Xeral, formúlase á Xunta de Goberno Local, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a seguinte

V.- PROPOSTA

Primeiro.- Aprobar o CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA A MELLORA DE INSTALACIÓNS DEPORTIVAS NO TERMO MUNICIPAL DE VIGO, transcrito no Anexo da presente.

Segundo.- Solicitar da Deputación provincial de Pontevedra a aprobación e subscripción do convenio que se anexa para a execución de obras de mellora e modernización das instalacións deportivas:

- Renovación das instalacións de céspede sintético en campos de fútbol municipais e mellora dos sistemas de alumeadado artificial e instalacións técnicas, cun orzamento previsto de 2.900.000,00 euros.
- A nova instalación deportiva cuberta na rúa Romil 77, cun orzamento previsto de 2.191.542,30 euros.

- A renovación integral de dous pavillóns deportivos e a grada de río, cun orzamento previsto de 1.124.523,25 euros.
- Construción pavillón deportivo cuberto e instalacións complementarias en Quirós, cun orzamento previsto de 2.985.431,06 euros.

Terceiro: Autorizar e comprometer as obrigas económicas do convenio para o Concello de Vigo nos termos do mesmo. Trátase dun gasto anticipado e plurianual, coa seguinte distribución de anualidades para o Concello de Vigo:

Investimento	aplicación orzamentaria	Exercicio 2018	Exercicio 2019
Renovación das instalacións de céspede sintético en campos de fútbol municipais e a mellora dos sistemas de alumeado artificial e instalacións técnicas.	3420.632.00.14	400.000,00	760.000,00
A nova instalación deportiva cuberta na rúa Romil 77	3420.622.00.07	300.000,00	576.616,92
A renovación integral de dous pavillóns deportivos e a grada de río.	3420.632.00.09	60.000,00	389.809,30
Construción pavillón deportivo cuberto e instalacións complementarias en Quirós	3420.622.00.06	600.000,00	594.172,43
TOTAL		1.360.000,00	2.320.598,64

Cuarto.- Comprometerse a dar cumprimento ás condicións do convenio nos termos do mesmo.

Quinto.- Dar conta do presente acordo á Concellería de Xestión municipal ós efectos de publicidade

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

Anexo I

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O EXCMO. CONCELLO DE VIGO E A EXCMA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA PARA A MELLORA DE INSTALACIÓNS DEPORTIVAS NO TERMO MUNICIPAL DE VIGO

No Pazo Provincial, __ de _____ de 2017

REUNIDOS

Dunha parte, D^a María del Carmen Silva Rego, quen actúa no nome e representación da Deputación Provincial de Pontevedra, en virtude do seu cargo como Presidenta deste organismo e en función das atribucións que lle confiren o artigo 34 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e o artigo 105 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.

Doutra, D. Abel Caballero Álvarez, quen actúa no nome e representación do Concello de Vigo, en virtude da súa condición de Alcalde-Presidente da citada Corporación, segundo o disposto no artigo 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, no artigo 61.1 da Lei 5/1997, de administración local de Galicia e no artigo 41.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

Actúan D. Carlos Cuadrado Romay, en calidade de secretario xeral da Deputación de Pontevedra, e D^a María Concepción Campos Acuña, en calidade de secretaria do Concello de Vigo, dando fe do acto que se celebra.

Ámbalas dúas partes actúan nas representacións expresadas e recoñécense reciprocamente capacidade bastante para o outorgamento e formalización deste convenio, con base nos principios de colaboración, cooperación, coordinación e eficacia que deben presidir as actuacións das Administracións Públicas e, a estes efectos, de común acordo,

EXPOÑEN

I.- A Deputación de Pontevedra e o Concello de Vigo comparten como criterio que os concellos, como administración democraticamente escollida, deben ser os axentes protagonistas e os eidos administrativos aos que ten que corresponder a decisión, o deseño e o impulso da acción local e do desenvolvemento das políticas locais; ao tempo que, as deputacións, deben actuar como institucións que desenvolvan políticas, plans e actuacións que faciliten que concellos e cidadáns poidan acadaren os mesmos dereitos e servizos.

II.- Que, no exercicio das súas respectivas competencias, a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Vigo, con data 20 de novembro de 2015, asinaron un protocolo de colaboración en orde a afondar na colaboración administrativa entre ambas institucións e, especialmente, para a cooperación na planificación e execución dos proxectos e actuacións que no propio convenio se sinalan; actuacións e proxectos entre os que se inclúen, no que ao presente convenio importa, os mellora de equipamentos e infraestruturas deportivas.

III.- Que no devandito protocolo de colaboración se convén que as distintas actuacións nel previstas se desenvolverán a través de convenios específicos, cuxa execución administrativa, técnica e contractual corresponderá ao Concello de Vigo, que deberá observar os procedementos de avaliación e seguimento da execución dos convenios a establecer nestes.

IV.- Que no exercicio das súas atribucións en materia deportiva, son obxectivos do Concello de Vigo:

- Colaborar na consolidación dunha rede de infraestruturas deportivas aberta á participación do maior número de cidadáns e de entidades deportivas.
- Optimizar os recursos das infraestruturas deportivas existentes na cidade, mellorando as condicións e a capacidade das mesmas.

V.- Que o artigo 25. 2. I) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local atribúe ás Administracións Municipais competencia en materia de promoción do deporte e instalacións deportivas.

Por outra banda, o art. 36.1) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local encomenda ás deputacións o aseguramento da prestación integral e adecuada dos servizos de competencia municipal; competencia en relación coa cal a Deputación Provincial de Pontevedra ten previsto na súa planificación a mellora das infraestruturas dos equipamentos deportivos dos concellos da provincia.

VI.- Que os convenios entre as Administracións Públicas constitúen o instrumento axeitado para desenvolveren a súa cooperación en cuestións de interese común, tal como establecen os artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, o artigo 57 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e os artigos 198 e seguintes da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia. O convenio que nos ocupa, pola súa contía, deberá ser remitido ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas.

VII.- Que, de acordo coas precedentes consideracións e en desenvolvemento do protocolo de colaboración arriba referido, que contempla como un dos seus obxectivos estratéxicos o apoio ás iniciativas de promoción do deporte e infraestruturas deportivas, o Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra, acordan aprobar o presente convenio de colaboración, que asinan agora os aquí comparecentes, con arranxo aos seguintes

PACTOS

PRIMEIRO.- OBXECTO DO CONVENIO

1.- É obxecto deste convenio, establecer as pautas de colaboración entre o Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra para a realización das obras de renovación, actualización e mellora de diversas instalacións deportivas no termo municipal de Vigo.

2.- Os investimentos vinculados ao presente convenio serán definidos nos correspondentes proxectos técnicos que concretarán as actuacións a realizar en cada unha das instalacións deportivas de acordo coa memoria valorada realizada polos técnicos municipais de data 09/10/2017, que consta nos correspondentes expedientes administrativos.

3.- En todo caso, os proxectos dos investimentos a desenvolver terán relación directa coa:

- Renovación das instalacións de céspede sintético en campos de fútbol municipais e mellora dos sistemas de alumeado artificial e instalacións técnicas, cun orzamento previsto de 2.900.000,00 euros.
- A nova instalación deportiva cuberta na rúa Romil 77, cun orzamento previsto de 2.191.542,30 euros.
- A renovación integral de dous pavillóns deportivos e a grada de río, cun orzamento previsto de 1.124.523,25 euros.
- Construción pavillón deportivo cuberto e instalacións complementarias en Quirós, cun orzamento previsto de 2.985.431,06 euros.

•

SEGUNDO.- IMPORTE E FINANCIAMENTO

O importe ao que se refire o presente convenio ascende á cantidade total de nove millóns douscentos un mil setecentos corenta e cinco euros con trinta e dous céntimos (9.201.496,61 euros) que se distribuirán do seguinte xeito:

A Deputación Provincial de Pontevedra comprométese a achegar, para a execución dos investimentos previstos no obxecto deste convenio, a contía de cinco millóns cinco centos vinte un mil corenta e sete euros con dezanove céntimos (5.520.897,97 euros).

A financiación comprometida pola Deputación Provincial de Pontevedra terá carácter definitiva consonte á táboa que se inxire a continuación:

Investimento	Exercicio 2017	Exercicio 2018
Renovación das instalacións de céspede sintético en campos de fútbol municipais e a mellora dos sistemas de alumado artificial e instalacións técnicas.	870.000,00	870.000,00
A nova instalación deportiva cuberta na rúa Romil 77	657.462,69	657.462,69
A renovación integral de dous pavillóns deportivos e a grada de río.	426.679,63	248.034,32
Construción pavillón deportivo cuberto e instalacións complementarios en Quirós	895.629,32	895.629,32
TOTAL	2.849.771,64	2.671.126,33

O pagamento da anualidade do 2017 realizarase contra a aplicación 2017/942.9420.762.14 do vixente orzamento provincial- Concellos-Investimentos en Convenios (Vigo e Pontevedra).

O pagamento da anualidade do 2018, que se realizará contra a aplicación destinada ó financiamento dos convenios cos concellos de Vigo e Pontevedra, quedará condicionada, en todo caso, á tramitación do oportuno expediente de modificación de crédito.

Pola súa banda, o Concello de Vigo obrígase a achegar a contía de tres millóns seiscientos oitenta mil seiscientos noventa e oito euros con trece céntimos (3.680.598,64 euros), desagregados da forma seguinte:

Investimento	Exercicio 2018	Exercicio 2019
Renovación das instalacións de céspede sintético en campos de fútbol municipais e a mellora dos sistemas de alumado artificial e instalacións técnicas.	400.000,00	760.000,00
A nova instalación deportiva cuberta na rúa Romil 77	300.000,00	576.616,92
A renovación integral de dous pavillóns deportivos e a grada de río.	60.000,00	389.809,30
Construción pavillón deportivo cuberto e instalacións complementarias en Quirós	600.000,00	594.172,43
TOTAL	1.360.000,00	2.320.598,64

A tal fin e para garantir a estabilidade do financiamento do convenio, o Concello de Vigo comprométese a dotar crédito nas aplicacións correspondentes. O pagamento da anualidades correspondentes aos exercicios 2018 e 2019 quedará condicionada, en todo caso, á aprobación dos orzamentos xerais de ditos exercicios de acordo coa seguinte aplicación orzamentaria:

Investimento	aplicación orzamentaria	Exercicio 2018	Exercicio 2019
--------------	-------------------------	----------------	----------------

Renovación das instalacións de céspede sintético en campos de fútbol municipais e a mellora dos sistemas de alumado artificial e instalacións técnicas.	3420.632.00.1 4	400.000,00	760.000,00
A nova instalación deportiva cuberta na rúa Romil 77	3420.622.00.0 7	300.000,00	576.616,92
A renovación integral de dous pavillóns deportivos e a grada de río.	3420.632.00.0 9	60.000,00	389.809,30
Construción pavillón deportivo cuberto e instalacións complementarias en Quirós	3420.622.00.0 6	600.000,00	594.172,43
TOTAL		1.360.000,00	2.320.598,64

TERCEIRO.- EXECUCIÓN DO CONVENIO

1.- A execución das actuacións e dos contratos a que o presente convenio se refire e o seu financiamento pola partes asinantes terá lugar durante os anos 2017, 2018 e 2019, nos importes que deseguido se indican:

	2017	2018	2019	TOTAL
Deputación de Pontevedra	2.849.771,64	2.671.126,33		5.520.897,97
Concello de Vigo		1.360.000,00	2.320.598,64	3.680.598,64
TOTAL CONVENIO				9.201.496,61

Non obstante, o eventual reaxuste das anualidades da execución dos ditos contratos, poderá dar lugar ao reaxuste das anualidades do presente convenio, a cuxo efecto o Concello de Vigo, previa proposta da Comisión de Seguimento do convenio, dará audiencia á Deputación Provincial no expediente que se inicie para o reaxuste das anualidades de calquera dos ditos contratos e da resolución que se dite.

2.- Aprobados os proxectos dos investimentos obxecto do presente convenio, o Concello de Vigo remitiraos á Deputación Provincial.

A Deputación Provincial someterá os proxectos de obra á supervisión e comprobación dos seus servizos técnicos, e se o estima oportuno, poderano someter á aprobación do órgano de goberno que corresponda, coa finalidade de autorizar as actuacións previstas no mesmo. O Concello de Vigo tramitará para cada un dos proxectos, un expediente polo órgano de contratación ao que corresponda a adxudicación dos contratos, debendo acreditarse naquel a plena dispoñibilidade de todas as achegas.

4.- Formalizados os contratos de obras para a execución dos investimentos aos que se refire o pacto primeiro, remitirase copia dos mesmos á Deputación Provincial e comunicarse a esta, a data e hora en que terá lugar a comprobación do replanteo, á que asistirá, de consideralo procedente a Corporación provincial, un representante desta. A copia da acta que se levante será remitida á Deputación Provincial coa primeira certificación de obra que expida o director da mesma.

5.- O Concello de Vigo comunicará á Deputación Provincial a data e hora en que terá lugar, ao remate das obras, o acto de recepción destas, ao que asistirá, de consideralo procedente

a Corporación provincial, un representante ou facultativo desta. A Administración municipal remitirá á provincial copia das actas dos actos de recepción e certificación das resolucións do órgano competente aprobatorias da recepción das obras executadas e da certificación final das mesmas.

6.- Formalizado, de selo caso, o contrato, ou contratos, de servizos para a contratación de asistencia técnica á dirección das obras, remitirase copia dos mesmos á Deputación Provincial así como dos abonos a conta que en execución dos mesmos se poidan producir.

7.- A Deputación Provincial poderá inspeccionar a execución das obras obxecto do presente convenio e as actuacións realizadas cando o teña por convinte, así como formular as observacións que estime pertinentes, sen prexuízo de que corresponda en exclusiva ao órgano de contratación e aos responsables dos respectivos contratos a emisión das ordes e instrucións que procedan.

CUARTO.- XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO

O Concello de Vigo asume a licitación, dirección, execución e recepción das obras contempladas nos proxectos técnicos e a súa xustificación perante a Deputación de Pontevedra.

O Concello de Vigo poderá realizar xustificacións parciais, que responderán ao ritmo de execución dos investimentos, que se aboarán pola contía equivalente á/s xustificación/s presentada/s.

O importe correspondente á/s xustificación/s achegada/s, será reembolsado ao Concello mediante transferencia bancaria, unha vez que conste na Deputación a seguinte documentación:

- Contratos de adxudicacións das obras.
- Actas de comprobación do replanteo.
- Orixinal ou copias compulsadas da/s factura/s expedida/s polas empresas adxudicatarias dos traballos realizados.
- Certificación/s de obra executada. Xunto coas primeiras certificacións se remitirá unha proba gráfica da difusión dada aos investimentos que se financian coa axuda da Deputación.
- Certificacións ou actos de aprobación/conformidade dos gastos polo órgano municipal.
- Nomeamento dos Directores de obra e coordinadores de seguridade e saúde.
- Actas de recepción, unha vez rematados os investimentos.
- Declaración do conxunto de axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para a actividade obxecto deste convenio, das distintas administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades.
- Calquera outra documentación esixible pola normativa vixente para a correcta xustificación deste convenio ou que se considere necesaria para a comprobación da correcta execución do obxecto do convenio.

As certificacións de obra, facturas ou documentos análogos acreditativos do gasto, e o resto da documentación xustificativa, serán verificadas polos servizos técnicos provinciais e fiscalizadas pola Intervención provincial antes de ser aprobadas e pagadas.

Así mesmo, as actuacións realizadas estarán sometidas á comprobación explícita da execución das obras por parte dos servizos técnicos da Deputación Provincial.

A comprobación material do investimento que se define no parágrafo anterior é un requisito imprescindible do que debe quedar constancia no expediente xustificativo.

QUINTA.- MODIFICACIÓNS DO PROXECTOS

As partes asinantes do convenio, comprométese á estabilidade do financiamento comprometido con independencia das baixas que se produzan na adxudicación de cada un dos contratos dos proxectos dos investimentos que conforman o obxecto deste convenio.

Así mesmo, calquera incidencia que poida xurdir no desenvolvemento das obras, por causas imprevistas, que obrigue a unha modificación dos proxectos derivada das necesidades de execución do proxecto contratado será asumida en relación as obrigas de financiación polo Concello de Vigo, do cal dará conta a comisión de seguimento.

Calquera modificación sobre o ámbito das actuacións previstas inicialmente e sempre dentro dos importes máximos a aportar por cada administración deberán dar lugar á tramitación de addendas ao convenio, previo informe e proposta da comisión de seguimento.

Se finalmente, os proxectos licitados teñen un custo inferior ao inicialmente previsto, e sempre que isto non supoña unha actuación deficiente dos mesmos, a contía das achegas das administracións reducirase proporcionalmente.

SEXTO.- COMPROMISOS DAS PARTES

O Concello de Vigo obrígase a:

- Financiar ata o máximo do 40% da realización das obras, nos exercicios 2018 e 2019, de conformidade co previsto nos pactos segundo e terceiro. A a tal fin dotará os recursos necesarios, nas aplicacións correspondentes, para o financiamento das actuacións previstas nos proxectos técnicos.
- Coordinar un plan de actuación definitivo nas diferentes instalacións deportivas que constitúen o obxecto do presente convenio.
- Redactar os correspondentes proxectos de obra e a aprobación dos mesmos, debendo constar un exemplar dos proxectos aprobados na Deputación Provincial.
- Licitación cada un dos proxectos que conforman as actuacións deste convenio.
- Executar, controlar e recibir as obras consonte aos correspondentes proxectos técnicos.
- Contratar, de selo caso, as asistencias técnicas á dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde.
- Obter as correspondentes licenzas e tramitar ante outros organismos as autorizacións pertinentes que fosen precisas.
- Dar a adecuada publicidade a este convenio, de tal xeito de que quede constancia de que as obras obxecto do presente convenio se levaron a cabo en colaboración coa Deputación de Pontevedra.
- Levar a cabo o mantemento e conservación das infraestruturas deportivas obxecto do convenio, tendo a asunción da dita responsabilidade desde o día seguinte ao da formalización da acta de recepción de obras coas obrigas establecidas na normativa patrimonial das administracións públicas.
- Destinar os fondos percibidos ao obxecto concreto para o que foron concedidos.
- Comunicar á Deputación de forma inmediata, a obtención doutras subvencións ou axudas para a mencionada finalidade procedentes de calquera administración pública ou ente privado nacional ou internacional, con expresión da súa contía.

- Prestar a colaboración e facilitar tanta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das axudas que lle corresponden á Intervención Provincial, ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas.
- Asemade, o Concello de Vigo comprométese ao cumprimento das obrigas contidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e en especial as recollidas no artigo 11 da mesma. Tamén seralle de aplicación o recollido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e no seu Regulamento, aprobado polo Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo.
- Pola súa banda, a Deputación de Pontevedra comprométese a:
- Financiar a realización das obras nos exercicios 2017 e 2018, consonte ao previsto nos pactos segundo e terceiro.
- Prestar a colaboración e facilitar tanta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das axudas que lle corresponden ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas, tratándose asemade dun convenio cuxas achegas económicas exceden os 600.000,00 euros.

SÉTIMO.- PUBLICIDADE

En toda a documentación e informacións relativas ás actuacións obxecto deste convenio incluírase a imaxe corporativa que a este fin faciliten, en todos os formatos, a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Vigo, e nelas figurará de maneira destacada o financiamento das ditas actuacións por ambas administracións.

En todo caso as accións a desenvolver ao abeiro do convenio, deberán garantir un alto impacto e visibilidade da colaboración entre o Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra.

Por outra parte, en cumprimento do establecido na resolución de 10 de decembro de 2015, da Intervención Xeral da Administración, do Estado pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, e, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. A tales efectos e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento e cara a contribuír aos principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa páxina web as subvencións concedidas, segundo o establecido nos artigos 20.4 e 20.8.b da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

OITAVO.- COMPATIBILIDADE CON OUTRAS SUBVENCIÓNS

A achega económica prevista no presente instrumento, que ten carácter de subvención, será compatible con outras subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou e organismos internacionais.

Porén, o importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da/s contratación/s subvencionada/s.

NOVENO.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Para o seguimento e coordinación da execución deste convenio e resolución das dúbidas que poidan producirse na súa interpretación crearase unha comisión integrada por tres representantes de cada unha das Administracións asinantes, un dos cales terá carácter técnico.

Corresponderá á Comisión de Seguimento:

- A puntual recepción de información sobre tódalas as actuacións que se produzan na execución dos contratos a que este convenio se refire.
- A coordinación entre as administracións asinantes na execución e financiamento do convenio, ditando ao efecto as instrucións oportunas.
- A resolución das dúbidas que presente a interpretación do convenio e, no seu caso, a emisión de informe se a dúbida ten que ser resolta polos órganos de goberno das administracións asinantes.
- A emisión informe en relación coa necesidade do reaxuste da anualidade do convenio e en relación con cantas incidencias se produzan na execución dos contratos a que este se refire.
- A formulación das propostas que procedan en relación ás cuestións a que os seus informes se refiran.

A Comisión de Seguimento reunirse cando o estime convinte o seu responsable, por decisión propia ou a petición de calquera dos seus membros. As súas reunións terán lugar na Casa do Concello de Vigo ou na Deputación de Pontevedra, segundo acorden as partes. Na súa reunión constituínte designarase ao responsable da mesma e ao seu secretario que levantará acta das súas reunións

DÉCIMO.- VIXENCIA

O presente convenio producirá os seus efectos desde a data da súa sinatura ata a total execución dos contratos a que o mesmo se refire, fixándose en todo caso un prazo de límite de execución de catro anos, contados desde a súa sinatura.

A vixencia do presente convenio poderá prorrogarse coa conformidade expresa das partes asinantes, no caso de que non se rematasen as obras obxecto do mesmo.

DECIMO PRIMEIRO.- EXTINCIÓN DO CONVENIO

O convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

Serán causas de resolución:

1º.- O transcurso do prazo máximo de vixencia do convenio.

2º.- O acordo unánime dos asinantes.

3º.- O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.

Neste caso, notificarase á parte incumpridora un requirimento para que, no prazo que se sinale, cumpra coas obrigacións ou compromisos que se consideran incumplidos. Este requirimento será comunicado tamén ao responsable da Comisión de Seguimento.

Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistira o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará á outra parte a concorrencia de causa de resolución e entenderase resolto o convenio. A resolución do convenio por esta causa poderá dar lugar a indemnización dos

prexuízos causados.

4º.- Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.

5º.- Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.

DECIMO SEGUNDO.- RÉXIME XURÍDICO

O presente convenio ten natureza administrativa e rexeráse pola Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos orzamentos das Administracións asinantes e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

O Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra comprométese a resolver de maneira amigable calquera desacordo que poida xurdir no desenvolvemento deste convenio. Con todo, e no caso de aparición de discrepancias que non puideran resolverse a través da Comisión de Seguimento, será competente a Xurisdición Contencioso-Administrativa.

E en proba de canto antecede, as partes que interveñen asinan o presente convenio por duplicado e a un só efecto no lugar e na data sinalados no seu encabezamento.

17(1427).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE IMPLANTACIÓN DA VÍA CICLISTA ENTRE TEIS E SAMIL. EXPTE. 5106/440.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 27/12/17 e o informe de fiscalización 29/12/17, dáse conta do informe-proposta de data 28/12/17, asinado polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario, o xefe da Área de Investimentos, o concelleiro-delegado de Fomento e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I.- Antecedentes.

1.- En data 05.12.2017 a Xunta de Goberno Local, no expediente núm. 3213/443, acordou aprobar o proxecto de IMPLANTACIÓN DA VÍA CICLISTA ENTRE TEIS E SAMIL redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos D. Santiago N. López Fontán, con data setembro 2017 e cun orzamento base de licitación máis IVE de CINCO MILLÓNS OITOCENTOS NOVENTA E CINCO MIL EUROS (5.895.000 €) e un prazo de execución de 12 meses.

2.- O Concelleiro Delegado da Área de Fomento, con data 11 de decembro de 2017, resolveu "Iniciar expediente para a contratación das obras para a "IMPLANTACIÓN DA VÍA CICLISTA ENTRE TEIS E SAMIL"

3.- Ao expediente administrativo de contratación achégase o devandito expediente número 3213/440, correspondente ao proxecto de obras, aprobado pola XGL en sesión do 05/12/2017, de cuxa execución se trata. No dito proxecto de obras figura, como integrante do mesmo, o prego de prescricións técnicas particulares da execución da obra.

No expediente de contratación consta a documentación que segue:

- a) Informe xustificativo da conveniencia e necesidade asinado polo Enxeñeiro de Caminos, Canais e Portos e o Xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario de data 08.12.2017.
- b) Acta de replanteo do proxecto de obras aprobado, asinada polo Enxeñeiro de Caminos, Canais e Portos municipal con data 8.12.2017.
- c) Resolución de Inicio do expediente de contratación, asinada polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento en data 11.12.2017.
- d) Informe da Xefa do Servizo de Contratación indicando que o expediente reúne documentación esixida pola lexislación vixente en materia de contratación pública, de data 14.12.2017.
- g) Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, redactado pola Xefa do Servizo de Contratación Beatriz Barbará Rodríguez, de data 27 de decembro de 2017.
- f) Informe favorable da Asesoría Xurídica, de data 27 de decembro de 2017.

II.- Fundamentos técnicos e xurídicos.

Primeiro.- A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 109.1 TRLCS), que nos municipios de grande poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2ª. 3 TRLCSP) e, por delegación deste (acordo da Xunta de Goberno Local de 15 de xullo de 2013), aos concelleiros de Área.

Segundo.- O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel, e no expediente que o acompaña, constan as actuacións preparatorias do contrato de obras, esixidas polo artigo 121 TRLCSP —elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do proxecto— así como o prego de cláusulas administrativas particulares e o de prescricións técnicas, reitores do contrato, esixidos polo artigo 109 do mesmo texto.

Terceiro.- Consta na memoria xustificativa elaborada polo servizo xestor a xustificación dos requisitos esixidos pola D.A. 6ª da LO 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira e disposición adicional 16ª do TRLRFL.

Cuarto.- No expediente xustifícase o procedemento elixido para a contratación —regulación harmonizada por razón da súa contía, polo que deberá publicarse no Diario Oficial da Unión Europea (Artigo 109.4 TRLCSP)—, así como os criterios que se terán en conta para a adxudicación do contrato; criterios que se refiren ás características do obxecto do contrato e nos que se da preponderancia a aqueles que poden valorarse mediante cifras ou porcentaxes obtidos a través de fórmulas matemáticas establecidas no PCAP reitor do contrato.

Quinto.- A Asesoría Xurídica, con data 27.12.2017, emitiu o informe esixido pola D.A. Segunda, apartado 7 TRLCSP en sentido favorable, sen prexuízo da fiscalización que do mesmo corresponda facer a Intervención Xeral.

Sexto.- A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (D.A. Segunda, apartado 3 TRLCSP), unha vez se incorpore ao mesmo o documento contable acreditativo da existencia de crédito ade-

cuado e suficiente para financiación das obras e o informe favorable de fiscalización a Intervención Xeral, de conformidade co previsto no artigo 109.3 do TRLCSP.

Por todo o exposto, e unha vez se incorporen ao expediente o documento contable e o informe de fiscalización que van ditos, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

- Primeiro: Aprobar a contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de "IMPLANTACIÓN DA VÍA CICLISTA ENTRE TEIS E SAMIL"
- Segundo: Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares que rexeirá a contratación, redactado pola Xefa do Servizo de Contratación, de data 27 de decembro de 2017.
- Terceiro: Autorizar o gasto por importe de CINCO MILLÓNS OITOCENTOS NOVENTA E CINCO MIL EUROS (5.895.000 €), sendo o importe correspondente ao IVE de 1.023.099,17 euros (21%)
Trátase dunha obra de carácter plurianual, con carácter de anticipado de gasto. Para a súa financiación, aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo dos anos 2018 e 2019, na aplicación orzamentaria 1532.609.00.02 do orzamento municipal, coa seguinte distribución por anualidades:
2018: 1.400.000,00 €
2019: 4.495.000,00 €
En relación ao proceso de adxudicación debe indicarse que de producirse baixa no prezo de adxudicación, a contía da baixa será de aplicación no importe que corresponda na anualidade do ano 2019.
- Cuarto: Para posibilitar a execución do proxecto, conforme ao plan de obra previsto e ás dispoñibilidades orzamentarias, modifícanse as porcentaxes de gastos establecidas para os importes plurianuais, en base ao disposto no artigo 174 do RDL 2/2004 de 5 de marzo que aproba o texto refundido da Lei de Facendas Locais, quedando establecido respecto ao previsto no presente exercicio para a segunda anualidade nun 321,07%.
- Quinto: Abrir o procedemento licitatorio para selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

18- REVISIÓN DE TARIFAS DO SERVIZO PÚBLICO REGULAR DO TRANSPORTE URBANO COLECTIVO DE VIAXEIROS PARA O ANO 2018. EXPTE. 1638/449.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización de data 28/12/17, dáse conta do informe-proposta de data 27/12/17, asinado pola xefa do Servizo de Transportes e a concelleira delegada da Área, que di o seguinte:

Na data 31 de outubro de 2017 a empresa Viguesa de transportes S.L. presenta expediente de revisión de tarifas para o ano 2018 .

Dito expediente foi informado en data 4 de decembro de 2017 pola Xefa do servizo de transportes propoñéndose a aprobación dunha tarifa para o ano 2018 de 1,33 € .

A diferenza entre a tarifa proposta pola empresa concesionaria e a informada polo Concello, esta na revisión do concepto de persoal e na aplicación dos gastos financeiros das cantidades pendentes de amortizar durante o ano 2017.

A empresa propón a aplicación dun incremento dun 3,8% a cantidade correspondente ao concepto de persoal de conformidade co convenio provincial de data 5 de febreiro de 2010 publicado no B.O.P. de data 6 de maio de 2010 o que daría como resultado 25.497,57 €. (Aportan certificado xustificativo expedido polo Presidente de FEGATRAVI onde di que dita contía corresponde ao soldo bruto incluído custe de Seguridade Social Social dun condutor perceptor sen antigüidade nin pluses de nocturnidade o de redución de xornada.)

De conformidade co disposto no prego de condicións que rexe a concesión aprobado en data 26 de maio de 1994 e a oferta formulada pola empresa concesionaria, o concepto de persoal revisárase de conformidade co Convenio Colectivo de viaxeiros por estrada da provincia de Pontevedra

O incremento das contías contidas no Convenio de data 5 de febreiro de 2010 publicado no B.O.P. de data 6 de maio de 2010, foi acordado no Consello Galego de Relacións Laborais na data 2 de agosto de 2017 ao abeiro do procedemento establecido no Acordo interprofesional galego sobre procedementos extraxudiciais de solución de conflitos de traballo promovido no sector de transporte de viaxeiros por estrada da provincia de Pontevedra .

Non obstante aínda que considerase que de conformidade co disposto no prego de condicións o incremento sería de aplicación, dito acordo non foi rexistrado nin publicado polo que considerase que non produce efectos fronte a terceiros .

A empresa concesionaria na data 7 de decembro presenta un escrito no que se solicita a suspensión da tramitación do expediente en tanto non se publique a citada revisión .

Na data 14 de decembro de 2017 a Subdirectora Xeral de Relacións Laborais da Secretaría Xeral de Emprego da Consellería de Economía , Emprego e Industria emite certificado segundo o cal por Resolución de mesma data ordenase o rexistro , depósito e publicación no Diario Oficial de Galicia do Acordo marco galego do sector do transporte de viaxeiros por estrada , engadíndose que na mesma data remítese dita resolución a Secretaría Xeral Técnica para a súa tramitación e posterior publicación no Diario Oficial de Galicia, certificado que e presentado no Rexistro Xeral do Concello , certificación que foi presentada no Rexistro Xeral do Concello na data 19 de decembro de 2017.

Na data 27 de decembro de 2017 foi publicado no D.O.G. o Acordo marco galego do sector do transporte de viaxeiros por estrada o que de conformidade co disposto no prego de condicións que rexe a concesión do transporte urbano de viaxeiros da cidade implica a aplicación do incremento do concepto de persoal na contía acordada, polo que procede informar a revisión tarifaría considerando o incremento do concepto de persoal

INFORME

TARIFAS SOLICITADAS

D. Juan Carlos Villarino Tejada, Director Xeral da entidade mercantil "Viguesa de Transportes , S.L." (Vitrassa), na data 31 de outubro de 2017 presenta expediente de revisión

da tarifa e do prezo do coche/qm do servizo público regular de transporte urbano colectivo de viaxeiros en autobús de uso xeral de Vigo para o ano 2018, de conformidade co establecido no artigo 62 do Prego de condicións económico-administrativo que rexeu o concurso para a concesión do servizo, achegando á solicitude memoria e estudio económico.

As tarifas de aplicación solicitadas para o ano 2018 son as seguintes:

*** billete ordinario	1,36	€/viaxeiro
*** prezo coche/que	5,4580	€/qm

_TARIFAS VIXENTES

A última tarifa aprobada por Resolución da Ilma. Sra Directora Xeral de Comercio da Xunta de Galicia na data 29 de decembro de 2016 e a seguinte:

billete ordinario..... 1 . 33 €

En canto o coche/qm.a última tarifa foi fixada polo acordo da Xunta de Goberno Local de data 23 de decembro de 2016 :

prezo coche/qm..... 5, 0948 €

I N F O R M E D O S E R V I Z O

Examinada a documentación aportada pola empresa solicitante informase o seguinte :

A empresa Viguesa de Transportes S.L. (VITRASA), concesionaria do transporte urbano colectivo de viaxeiros da cidade por acordo do Pleno da Corporación de data 16 de setembro de 1994, presenta expediente de revisión de tarifas, de conformidade co previsto no artigo 62 do Prego de condicións que rexeu na adxudicación da concesión.

A empresa concesionaria presenta memoria e estudio económico xustificativo das tarifas que se aplicarían no ano 2018

Os prezos que propón aplicar (incluído IVE do 10 %) son os seguintes:

Billete ordinario	1,36 €
Prezo coche/ Qm.	5,4580€

De conformidade co Prego de condicións que rexeu na adxudicación da concesión e coa oferta adxudicataria a tarifa ten a seguinte estrutura:

- Custo unitario
- Repercusión material móbil
- Repercusión terreos e instalacións
- Ingresos por publicidade (a deducir)

CUSTO UNITARIO

O custo unitario revísase aplicando ó valor do coeficiente de revisión K_t , que resulta da fórmula polinómica de revisión fixada no Prego de condicións o valor do custo unitario da adxudicación.

Os valores de orixe e os coeficientes da fórmula polinómica figuran na oferta.

Os valores do momento "t" de revisión, xustifícanse:

- H_t polo Convenio Provincial
- C_t polo prezo medio nacional do Gasóleo A publicado pola Subdirección xeral de hidrocarburos do Ministerio de Ciencia e tecnoloxía..
- $IP C_t$ polo certificado do I.N.E.

A) Factor man de obra.

A empresa propón como factor man de obra a cantidade de 25.497,57 €.

De conformidade co disposto no prego de condicións que rexe a concesión o valor da man de obra revisarase en función do Convenio Provincial de Pontevedra do Sector do Transportes, correspondente a un traballador con categoría laboral de condutor , supoñendo constante o numero de horas traballadas, tendo en conta os custes da seguridade social e outras cargas que corresponda pagar a empresa.

A cantidade proposta correspóndese coa aplicación dun incremento dun 3,8% aos conceptos retributivos do Convenio Colectivo de viaxeiros por estrada da provincia de Pontevedra de data 5 de febreiro de 2010 publicado no B.O.P. de data 6 de maio de 2010 correspondentes a un traballador con categoría laboral de condutor perceptor incluído custe de Seguridade Social sen antigüidade nin pluses de nocturnidade o de redución de xornada.

O incremento foi acordado no Consello Galego de Relacións Laborais na data 2 de agosto de 2017 ao abeiro do procedemento establecido no Acordo interprofesional galego sobre procedementos extraxudiciais de solución de conflitos de traballo promovido no sector de transporte de viaxeiros por estrada da provincia de Pontevedra .

Aportan certificado xustificativo expedido polo Presidente de FEGATRAVI onde di que dita contía corresponde ao soldo bruto incluído custe de Seguridade Social dun condutor perceptor sen antigüidade nin pluses de nocturnidade o de redución de xornada

A plantilla media anual son 347 traballadores, de conformidade coa certificación do director de recursos humanos e o persoal de limpeza cúbrese mediante contrato con unha empresa, (segundo certificación aportada pola empresa concesionaria) .

B) Factor combustible .

En xuño do ano 96 desapareceu o concepto de prezo máximo autorizado do gasóleo A, que se fixaba por Orden do Ministerio de Industria e Enerxía, e que de conformidade co disposto no prego de condicións era o índice a considerar para a revisión do factor combustible, polo que ata a data acordouse o prezo a aplicar de común acordo entre o Concello e a empresa concesionaria .

Dende a revisión correspondente ao ano 2002 e de común acordo coa empresa concesionaria vense utilizando a referencia o mes de xuño do ano 1996, ano da última publicación no B.O.E. do prezo máximo autorizado do gasóleo, relacionando o citado prezo co prezo medio nas gasolinas , do que se obtén un índice corrector :

- Prezo medio de gasolins xuño 1996 87,70 ptas
Índice aplicable 1,033
- Prezo máximo autorizado B.O.E. xuño 1996 90,60 ptas

E o citado índice aplicase á media dos prezos medios do gasóleo de automoción, dende setembro a agosto do último ano, publicados pola Subdirección Xeral de Hidrocarburos do Ministerio de Industria, Turismo y Comercio.

A empresa concesionaria no expediente de revisión presentado aplica a fórmula utilizada polos servizos técnicos municipais durante as últimas revisións .

Media do prezos medios de gasóleo A dende setembro 2016 a agosto de 2017 :

- 108,2892 €/l
- O factor combustible sería = $108,2892 \times 1,033 = 1,1186$ €/l

C) Factor I.P.C

A empresa VITRASA acepta na presente revisión o criterio que se aplica nos últimos anos de conformidade cos datos recabados de Intervención Municipal consistente en considerar a variación de prezos dende xuño de 1994 ata o último agosto (2017,)e onde xa se recollen os cambios de base e que é un 72,3 %

$$\bullet \text{KT} = 0.6295 \times \frac{25.497,57}{11.482,04} + 0.1196 \frac{1.1187}{0.509} + (0.0296 + 0.1613) \times 1,723 + 0,06 = 2,0497$$

$$\text{KT} = 1,3979 + 0,2629 + 0,3289 + 0,06 = 2,0497$$

Co que o prezo unitario billete ordinario $0.4928 \times 2,0497 = 1,0101$
custo unitario coche / quilómetro $1.9884 \times 2,0497 = 4,0756$

Nº DE VIAXEIROS

A empresa concesionaria propón como previsibles para a próximo ano, 19.891.520 viaxeiros de acordo co apartado quinto do acordo da Xunta de Goberno local de data 21 de decembro de 2009 segundo o cal se fixa como nº de viaxeiros aos efectos de revisión tarifaría o nº real de viaxeiros de pago transportados no período comprendido entre o 1 de outubro e o 30 de setembro do período inmediatamente anterior a presentación da solicitude de revisión tarifaría que serían 19.769.074, e considerando a tendencia que e dun 0,64 % de incremento o número de viaxeiros que se propón e de 19.897.573 que e a cantidade que se propón.

Nº DE QUILOMETROS

Como queira que ante a reclamación presentada pola empresa concesionaria na data 4 de novembro de 2013 adoptouse Acordo na Xunta de Goberno Local de data 17 de xaneiro de 2014 no que se evalúa a situación económica da concesión analizando os viaxeiros reais , número de quilómetros reais e transbordos, considérase que na presente revisión tarifaría e como xa se fixo na anterior revisión, debe utilizarse como denominador no cálculo da repercusión da amortización do material móbil, terreos e instalacións e publicidade, o número real de quilómetros rodados, que no ano 2016 foron 6.650.392 quilómetros e non os propostos pola empresa 5.142.623 quilómetros , número que se corresponde cos quilómetros ofertados ao inicio da concesión.

REPERCUSIÓN MATERIAL MÓBIL E INSTALACIÓNS

Este concepto fórmase pola amortización correspondente ó ano de revisión, máis os gastos financeiros da inversión pendente de amortizar.

A cota de amortización correspondente ó ano 2018 será segundo o cadro de amortización presentado pola empresa concesionaria 2.663.440,74 €

A cantidade correspondente a inversión e 51.805.538,94 cantidade axustada considerando o custe real dos vehículos incorporados a concesión durante o ano 2017

A cantidade pendente de amortizar e polo tanto o importe dos gastos financeiros sería:

- Inversión concesión : 51.805.684,94 €
- Cantidade xa amortizada : 33.030.632,02 €

•----Cantidad pendiente de amortizar 18.775.052,92 €

Os gastos financeiros ascenderán a :

Inversión pendiente de amortizar:

$18.635.091,44 \times 0,08 = 1.490.807,31 + 139.961,47 \times 0,06 = 8.397,69 = 1.499.205$

Como consecuencia a cantidade correspondente a amortización e mais os gastos financeiros ascende a 4.162.645,74 €

De dita cantidade corresponde descontar o importe dos gastos financeiros dos meses anteriores computados xa que os vehículos entraron en funcionamento nos últimos días de xullo computándose polo tanto 5 meses de funcionamento 168.876,67€

•Repercusión por viaxeiro e qm

€/viaxeiro $\frac{3.993.769,07}{19.897.573} = 0,2007$ €
€/quilómetro $\frac{3.993.769,07}{6.650.392} = 0,6005$ €

REPERCUSIÓN TERREOS

A repercusión correspondente a terreos e instalacións de acordo co cadro de amortización lineal é de 597.707,14 €.

Repercusión por viaxeiro e qm.

€/viaxeiro $\frac{597.707,14}{19.897.573} = 0,0300$ €/viaxeiro
€/quilómetro $\frac{597.707,14}{6.650.392} = 0,0899$ €/ quilómetro

PUBLICIDADE

É un concepto a deducir do custe.

A concesionaria manifesta que os ingresos pola publicidade ascenden a 220.669,92 aportando certificados expedidos polas empresas contratistas .

O que supón unha dedución de $\frac{220.669,92}{19.897.573} = 0,0111$ €/viaxeiro
 $\frac{220.669,92}{6.650.392} = 0,0332$ €/quilometro

De conformidade cos valores obtidos :

PREZO BILLETE ORDINARIO

Custo unitario	1,0101
Repercusión material móbil	0,2007
Repercusión terreos e instalacións.	0,0300
Publicidade	<u>-0,0111</u>
Total	1,2297
I.V.A.	<u>0,1229</u>
	1,3526 € redondeo 1,35€

PREZO COCHE /KILOMETRO

Custo unitario 4,0756

Repercusión material móbil	0,6005
Repercusión terreos e instalacións	0,0899
Publicidade.	<u>- 0,0332</u>
Total	4,7328
I.V.A .	<u>0,4732</u>
	5,2060€

PREZO DAS DISTINTAS TARIFAS REDUCIDAS

Tendo en conta que se producirá un incremento de tarifa correspondente ó billete ordinario (0,02€), apréciase a necesidade de revisar os prezos correspondentes ás distintas tarifas reducidas na mesma cantidade (0,02 €) con obxecto de que o cargo para o Orzamento municipal se mantéña constante, incrementándose exclusivamente nas contías correspondentes aos viaxes dos pensionistas que se calculan o redor de 98.000 anuais cantidade que se obtén de multiplicar o numero de viaxes anuais realizados polos pensionistas I e II (4.900.000) por o incremento do prezo da tarifa (0,02€) o que suporía un importe anual de 98.000 €

INFORMACIÓN ECONÓMICA

De conformidade co disposto no artigo 62 de prego de condicións que rexe a concesión o concesionario estará obrigado a presentar anualmente unha auditoría de empresa , efectuada pola empresa auditora elixida polo Concello entre unha terna de recoñecida solvencia presentada polo concesionario e con estrita suxeición a lei de auditorías

LEXISLACIÓN APLICABLE

O procedemento aplicable para a revisión da tarifa é o establecido no artigo 62 do Pregro de condicións que rexe a concesión do transporte urbano colectivo de viaxeiros, aprobado definitivamente en sesión plenaria celebrada en data 26 de maio de 1994.

Así como tamén o disposto no Decreto 2695/77, de 28 de outubro, Decreto 2226/77, de 27 de agosto, Orde de 30 de setembro de 1977, Disposición transitoria primeira do Real Decreto 1947/79, de 3 de agosto e a Orde de 26 de febreiro de 1993.

Tendo en conta o ata aquí exposto, formulase a seguinte proposta a Xunta de Goberno Local previo informe favorable da Intervención Municipal :

PROPSTA:

1) Aprobar as tarifas do servizo público regular de transporte urbano colectivo de viaxeiros en autobús de uso xeral da cidade de Vigo, solicitada pola empresa "VIGUESA DE TRANSPORTES, S.L." para o ano 2018 sendo os prezos a aplicar co IVE incluído, de conformidade cos informes obrantes neste expediente os seguintes :

- * prezo billete..... 1,35 €
- * prezo coche/qm..... .5,2060 €

2) Remitir o expediente á Dirección Xeral de Comercio da Xunta de Galicia para dar cumprimento ó disposto na normativa vixente en materia de prezos autorizados.

3) Fixar os prezos dos bonos para o ano 2018, nas seguintes contías :

- bono bus normal 0, 89
- bono bus estudante 0, 86
- bono bus pensionista I gratuíto

A) FUNCIONARIOS DE CARRERA:

DENOMINACION DA PRAZA	Nº PRAZAS	ESCALA	SUBESCALA	CLASE
ARQUITECTO	11	ADMON.ESPECIAL	TÉCNICA	SUPERIOR
TÉCNICO DE ADMON.XERAL	12	ADMON.XERAL	TÉCNICA	SUPERIOR
TÉCNICO SUPERIOR SERVIZOS ECONÓMICOS	1	ADMON.ESPECIAL	TÉCNICA	SUPERIOR
TÉCNICO DE SISTEMAS	1	ADMON. ESPECIAL	TÉCNICA	SUPERIOR
ENXEÑEIRO SUPERIOR INDUSTRIAL	1	ADMON. ESPECIAL	TÉCNICA	SUPERIOR
ENXEÑEIRO DA EDIFICACIÓN	2	ADMON. ESPECIAL	TÉCNICA	SUPERIOR
TÉCNICO DE MEDIO AMBIENTE	1	ADMON. ESPECIAL	TÉCNICA	SUPERIOR
ENXEÑEIRO TÉCNICO OO.PP.	1	ADMON.ESPECIAL	TÉCNICA	MEDIA
ARQUITECTO TÉCNICO	1	ADMON.ESPECIAL	TÉCNICA	MEDIA
ENXEÑEIRO TÉCNICO IND.	2	ADMON.ESPECIAL	TÉCNICA	MEDIA
TECNICO MEDIO OBRAS PÚBLICAS	1	ADMON.ESPECIAL	TÉCNICA	MEDIA
TÉCNICO MEDIO SERV.EC.	1	ADMON.ESPECIAL	TÉCNICA	MEDIA
ARQUIVEIRO	1	ADMON.ESPECIAL	TÉCNICA	MEDIA
PROGRAMADOR INFORMATICA	2	ADMON. ESPECIAL	TÉCNICA	AUXILIAR (C1)
INSPECTORES DE URBANISMO	6	ADMON.ESPECIAL	TÉCNICA	AUXILIAR (C1)
ADMINISTRATIVO	30	ADMON XERAL	ADMVO.	
AUXILIAR TRANSFORMAR ADMINISTRATIVOS	4	ADMON.XERAL	AUXILIAR	
OFICIAL DE OFICIOS	1	ADMON. ESPECIAL	COM.ESP.	
ALGUACIL-NOTIFICADOR-ORDENANZA	2	ADMON. XERAL	SUBALTERNO	

TOTAL = 81

B) ORGANO DIRECTIVO: XERENTE.

TOTAL = 1

TOTAL = 82

Destas prazas se encontran vacantes na actualidade:

- 4 prazas de técnico de administración xeral (2 ocupadas interinamente).
- 1 praza de enxeñeiro superior industrial (ocupada interinamente).
- 1 praza de arquitecto (ocupada interinamente).
- 1 praza de inspector de urbanismo (oferta de emprego público 2016, promoción interna).
- 3 prazas de administrativo (2 de elas na OEP 2016, promoción interna).
- 2 prazas de auxiliar administrativo.

II.- Fundamentación xurídica.

Unha vez aprobado o cadro de persoal, de conformidade co previsto no artigo 91 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora de bases de réxime local, a Corporación Local debe formular a súa Oferta de Emprego Público, de forma que a selección do persoal se efectúe a través da mesma, garantindo os principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade.

Consonte ó disposto polo artigo 70.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, que aprobou o texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público (TRLEBEP), *“as necesidades de recursos humanos, con asignación orzamentaria, que deban proverse mediante a incorporación de persoal de novo ingreso serán obxecto da Oferta de emprego público...”*.

Os apartados 2º e 3º do propio artigo 70 do TRLEBEP establecen:

“2.- A Oferta de emprego público ou instrumento similar, que se aprobará anualmente polos órganos de Goberno das Administracións Públicas, deberá ser publicada en el Diario oficial correspondente.

3.- A oferta de emprego público ou instrumento similar poderá conter medidas derivadas da planificación de recursos humanos.”

O artigo 19.Un.3 da Lei 3/2017, de 27 de xuño, de Orzamentos Xerais do Estado para o 2017, establece que:

“1. A lo largo del ejercicio 2016 únicamente se podrá proceder, en el Sector Público delimitado en el artículo anterior, ... , a la incorporación de nuevo personal con sujeción a los límites y requisitos establecidos en los apartados siguientes, salvo la que pueda derivarse de la ejecución de procesos selectivos correspondientes a Ofertas de Empleo Público de ejercicios anteriores ...

2. Respetando, en todo caso, las disponibilidades presupuestarias del Capítulo I de los correspondientes presupuestos de gastos, en los siguientes sectores y administraciones la tasa de reposición se fijará hasta un máximo del 100 por ciento: ... (educación, sanidade, servizos sociais, policía, etc.; sen incluír urbanismo).

*3. En los sectores y Administraciones no recogidos en el apartado anterior, **la tasa de reposición se fijará hasta un máximo del 50 por ciento.***

Dado que no exercicio 2016 se produciron dúas baixas, unha por xubilación (praza de administrativo) e outra por promoción interna (praza de auxiliar administrativo), propónse a aprobación dunha oferta de emprego público para o exercicio 2017 que inclúa unha praza de auxiliar administrativo. Dita proposta e obxecto de negociación coa representación sindical (22.12.2017). Por estar incluída no cadro de persoal ten dotación orzamentaria, tanto neste exercicio 2017 como no proxecto aprobado inicialmente para 2018.

III.- Proposta.

A aprobación da oferta de emprego público, consonte ao artigo 3.8 dos vixentes Estatutos deste Organismo Autónomo, resérvase ao Concello de Vigo. Toda vez que a Lei 57/2003, do 16 de decembro, residenciou a competencia de aprobación da oferta de emprego público na Xunta de Goberno Local de forma indelegable (artigo 127 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora de bases de réxime local), será este órgano o que aprobe a presente proposta.

Como consecuencia de todo o anteriormente exposto, o Consello da Xerencia propondrá á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

“Aprobar a oferta de emprego do Organismo Autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo para o ano 2017, integrada pola seguinte praza vacante, correspondente a persoal funcionario:

Nº	Denominación	Grupo	Escala	Subescala	Clase	Quenda
1	Auxiliar admvo.	C2	Admón. Xeral	Auxiliar	-----	Libre

“

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás dez horas e vinte e cinco minutos. Como secretaria dou fé.

me.

O CONCELLEIRO-SECRETARIO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Cayetano Rodríguez Escudero.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez